



Concello de Vigo
Expte. 5037/1101

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 13/2025

SESIÓN ORDINARIA DO 28 DE XULLO DE 2025

ORDE DO DÍA

- 1. Actas anteriores:** Ordinaria del 30 de xuño do 2025.

PARTE RESOLUTIVA

Ditames das comisións informativas:

ORZAMENTOS E FACENDA

- 2.** Dar conta do Estado de execución do estado de gastos e ingresos do orzamento correspondente ao segundo trimestre do 2025, así como do movemento de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias. Expediente 350/143. (Expte. Pleno 5028/1101).
- 3.** Dar conta do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigacións previstas nas leis, correspondente ao 2º trimestre do 2025. Expte. 29678/541. (Expte. Pleno 5029/1101).

FOMENTO E SERVIZOS

- 4.** Determinación da forma de xestión do servizo público de transporte urbano colectivo de viaxeiros. Expediente 5137/449. (Expte. Pleno 5030/1101).

COMISIÓN INFORMATIVA DE EMPREGO, FONDOS EUROPEOS, PATRIMONIO, MEDIO AMBIENTE, EDUCACIÓN, DEPORTES E XUVENTUDE

- 5.** Aprobación da rectificación e actualización do Inventario Municipal de Bens e Dereitos do Concello de Vigo. Expediente 21067/240. (Expt. Pleno 5012/1101).

Mocións:

- 6.** Moción do grupo municipal do BNG sobre a necesidade de reformular o novo centro integral de saúde Olimpia Valencia. Expte. Pleno 5041/1101.

7. Moción do grupo municipal do PSOE instando á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional a inversión na rehabilitación e modernización dos colexios públicos vigueses. Expte. Pleno 5042/1101.
8. Moción do grupo municipal do PSOE instando á Xunta de Galicia a consultar de forma directa e individualizada co Concello de Vigo antes de aplicar calquera medida relacionada coa ordenación do litoral. Expte. Pleno 5043/1101.
9. Moción do grupo municipal do PSOE instando a Xunta de Galicia a aprobación de diferentes medidas relacionadas coa atención primaria. Expte. 5044/1101.
10. Moción do grupo municipal do PSOE solicitando á Consellería de Educación a dotación do profesorado necesario nos centros educativos vigueses. Expte. 5045/1101.

PARTE DE CONTROL

Mocións.

11. Moción do grupo municipal do Partido Popular sobre o veto do Concello ás atraccións de feira nas festas populares de Vigo. Expte. 5046/1101.

Resolucións.

12. Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 9 de xullo do 2025, sobre delegacións especiais en concelleiros/as. Expte. 1134/1102 (Expte. Pleno 5027/1101).
13. Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o 19/06/25 e o 16/07/25, incluídas no expediente Pleno 5035/1101.
14. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 19/06/25 e o 16/07/25 , incluídas no expediente Pleno 5036/1101.

15. Formulación de rogos.

16. Formulación de preguntas.

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Ilmo. Sr. Alcalde
 Aguiar Castro, Yolanda
 Aneiros Pereira, Jaime
 Caride Estévez, María José
 Espinosa Mangana, Elena
 Estévez Rodríguez, Pablo Luis
 Fernández Pérez, José Manuel
 Gómez Díaz, Gorka
 Iglesias González, Ana Laura

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Benavides Alonso, Daniel
 García González, Patricia
 González Abeijón, Fernando
 Martín Peña, Jose Miguel
 Sánchez Méndez, M^a Luisa

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Iglesias López, Patricia
Lago Barreiro, M.^a del Carmen
López Font, Carlos
Mejías Sacaluga, Ana Maria
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Rivas González, Ángel
Rodríguez Calviño, Patricia
Rodríguez Rodríguez, Nuria
Silva Rego, M^a Carmen

Abalde Comesaña, Filipe
Martínez Piñeiro, Ana
Pérez Igrexas, Xabier

NON ASISTEN:

Olga Alonso Suárez, concelleira do Grupo Municipal Socialista.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas (09:00) do día vinte e oito de xullo do ano dous mil vinte e cinco (28/07/25), coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros arriba sinalados, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida.

Asiste pola Intervención a Interventora Adxunta, dona Olga Gómez Corbal (resolución-delegación de data 11/07/25), e pola Secretaría o Secretario Xeral do Pleno, don Jose Villán Fuertes, que dá fe do acto.

Constatada a existencia de quórum suficiente para a súa constitución, o Sr. Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.(106).ACTAS ANTERIORES: ORDINARIA DEL 30 DE XUÑO DO 2025.

O Sr. Pérez Iglesias, voceiro do grupo político municipal do BNG, advirte dun erro material no borrador da acta da sesión anterior celebrada o 30 de xuño deste 2025. Así o texto da declaración institucional, tratado no punto 2 da sesión, está en castelán. Se ben o orixinal estaba en castelán, é costume que o texto que se transcriba na acta sexa en galego. Solicita que así se corrixa.

O Sr. Alcalde Presidente acepta ese rogo e o texto da declaración institucional da sesión do 30 de xuño de 2025 figurará en galego na acta da sesión.

VOTACIÓN E ACORDO.

Coa corrección mencionada, por unanimidade dos membros presentes (26) da Corporación, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito, apróbase a seguintes acta:

- Sesión núm. 13/2025 ordinaria, celebrada o 28/07/25.

PARTE RESOLUTIVA

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

2.(107).DAR CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DO ESTADO DE GASTOS E INGRESOS DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTRE DO 2025, ASÍ COMO DO MOVEMENTO DE TESOURERÍA POR OPERACIÓNS ORZAMENTARIAS E NON ORZAMENTARIAS. EXPEDIENTE 350/143. (EXPTE. PLENO 5028/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta do informe da Dirección Superior Contable e Orzamentaria, de data 8.07.25, que di o que segue,

“Normativa

- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004.
- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local.
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Bases de Execución Orzamentaria para o ano 2025.

En cumprimento do previsto no artigo 207 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, Regra 52 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, a Base 3ª das de Execución Orzamentaria para o ano 2025, normativa que regula a periodicidade de remisión de información ao Pleno sobre a execución orzamentaria, establece que “Trimestralmente, e artigo 4.2 do RD 128/2018, a Intervención Xeral Municipal ou o Órgano que teña atribuída a función de Contabilidade, remitiralle ao Pleno da Corporación, por conduto da Alcaldía-Presidencia, información da execución dos orzamentos dos estados de gastos e ingresos e do movemento da Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación”.

A información que se remite corresponde ao **SEGUNDO** trimestre do ano, recollendo nos citados estados a información relativa ao rexistro dos feitos contables até o 31 de MARZO de 2025.

O formato dos informes que se relacionan da Entidade e do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, son extraídos do aplicativo GEMA, tanto dos informes de da Execución Trimestral como do avance da Conta Xeral ao 30/06/2025.

Información sobre as entidades do Grupo con Orzamento Limitativo

Gastos e Ingresos por capítulos da Entidade e da XMU

Gastos por capítulos de ejercicios pechados da Entidade o da XMU

Gastos por programas e partidas da Entidade o da XMU

Ingresos por capítulos de ejercicios pechados da Entidade o da XMU

Ingresos por subconceptos da Entidade o da XMU

Modificacións Orzamentarias da Entidade o da XMU

Devolución de ingresos da Entidade o da XMU

Recadación Neta da Entidade e da XMU

Remanente de Tesourería da Entidade e da XMU

Resultado Orzamentario da Entidade e da XMU

Estado de Tesourería da Entidade e da XMU

Acta de arqueo da Entidade e da XMU

ONP: Debedores, Acredores e Ingresos pendentes de aplicación, da Entidade e da XMU

Estados consolidados

Gastos por capítulos exercicio corrente estados Consolidados

Ingresos por capítulos exercicio corrente estados Consolidados

Gastos por Áreas consolidado

Gastos por capítulos exercicios pechados estados Consolidados

Ingresos por capítulos exercicios pechados estados Consolidados

Resultado orzamentario estados consolidados.

Fluxos de efectivo estados consolidados

Outra información:

En relación co estado de situación da débeda financeira bancaria, non se remite información por non existir a esta data operación algunha pendente de amortizar.

A información enviada é comprensiva de todo o desenvolvemento orzamentario tanto de corrente como de pechados.

A mesma será incorporada ao portal de transparencia.

NOTA:

Toda a información é a consolidada corresponde aos entes con orzamento Limitativo. (Entidade e Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo).

O perímetro de consolidación aos efectos da Lei Orgánica 272012, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, o conforama:

Entidade local

Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo.

Fundacións con orzamento estimativo: (MARCO, CONVENTION BUERAO, LISTE)".

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en sesión ordinaria de 21 de xullo, queda informada.

DELIBERACIÓN. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación do estado Estado de Gastos e Ingresos do Orzamento correspondente ao segundo trimestre do 2025, así como do movemento de Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias. O Pleno toma coñecemento do mesmo.

3.(108). DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGO DAS OBRIGACIÓNS PREVISTAS NAS LEIS, CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DO 2025. EXPTE. 29678/541. (EXPTE. PLENO 5029/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta do informe de Tesourería, de data 9.07.25, que di o que segue,

“LEXISLACIÓN APLICABLE.-

Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, coa modificación incorporada polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro.

Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014.

Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade 2015 do MINH.

Guía trimestral e mensual que se incorpora na plataforma do Ministerio.

INFORME.-

I Ámbito subxectivo

O artigo 2.b) da Lei 3/2004, establece que aos efectos regulados nesta Lei, considérase como: (...) b) Administración, aos entes, organismos e entidades que forman parte do sector público, de acordo co artigo 3 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público.

II.- Ámbito obxectivo.

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos (capítulos II e VI do Orzamento de Gastos, quedando incluídas tamén aqueles pagos que se fan con cargo ao capítulo IV como forma de pago dos bonos polo uso do transporte urbano público colectivo). Quedan fora do ámbito da Lei as operacións que no estean baseadas nunha relación comercial, as que teñen causa nunha relación estatutaria e de persoal ou as que son consecuencia da potestade expropiadora ou da acción de fomento.

Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagas con cargo ao Fondo para o Financiamento dos Pagos a Provedores. Así mesmo, quedan excluídas as propostas de pago que fosen obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados por órganos xudiciais ou administrativos.

Así mesmo, o Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, no seu artigo 5, regula como funcións propias da Tesourería Local:

(...)

c) La elaboración de los informes que determine la normativa sobre morosidad relativa al cumplimiento de los plazos previstos legalmente para el pago de las obligaciones de cada Entidad Local.

e) La elaboración y acreditación del período medio de pago a proveedores de la Entidad Local, otros datos estadísticos e indicadores de gestión que, en cumplimiento de la legislación sobre transparencia y de los objetivos de estabilidad presupuestaria, sostenibilidad financiera, gasto público y morosidad, deban ser suministrados a otras administraciones o publicados en la web u otros medios de comunicación de la Entidad, siempre que se refieran a funciones propias de la tesorería.

III.- Período legal de pago e data de inicio do cómputo do PMP axustándose ao sistema de cálculo previsto no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, coa modificación incorporada Real Decreto 1040/2017), tomando como data de aprobación da conformidade, a conformidade técnica.

A Lei 11/2013, de 26 de xullo, de Medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, modifica no seu artigo 33, entre outros, o artigo 4 da Lei 3/2004, xa citada, establecendo:

“1. El plazo de pago que debe cumplir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad.

(.....)

2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios. En este caso, el plazo de pago será de treinta días después de la fecha en que tiene lugar la aceptación o verificación de los bienes o servicios, incluso aunque la factura o solicitud de pago se hubiera recibido con anterioridad a la aceptación o verificación.

3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda acordar un plazo superior a 60 días naturales. (...).”

Do mesmo modo, o artigo 198.4 da Lei 9/2017, de 9 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que:

“La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 210.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210 y en el apartado 1 del artículo 243, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio”.

Pola súa parte, a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, incluíndo no seu apartado catorce a disposición adicional quinta co seguinte literal:

“Disposición adicional quinta. Plazo de pago a provedores.

Las referencias en esta ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días.”

A Administración, polo tanto, dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desta data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso.

O inicio do cómputo do período medio de pagamento, tanto das operacións pagadas como as pendentes de pago, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, dende o rexistro da factura na plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou se fose o caso de acredores non suxeitos a obriga de presentar a mesma na Plataforma Face por non estar no ámbito que regula o artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo. En todos os supostos, o rexistro da factura supón a anotación automática no rexistro contable de facturas, empezando o período de cómputo.

Así, o inicio do cómputo do período medio de pago ou «dies a quo», tanto das operacións pagas como das pendentes, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútanse «desde a entrada da factura ou documento xustificativo no rexistro administrativo que corresponda», ata o seu pago ou ata o último día do período.

En canto ao cómputo dos días de pago ou pendentes de pago aos efectos do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, coa modificación incorporada polo Real Decreto 1040/2017, é o seguinte:

Para as que se atopen pagadas ao final do período de cómputo

- a) A data de conformidade das certificacións de obra ata a data de pago material por parte da Administración.
- b) A data de conformidade dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados, ata a data de pago material por parte da Administración.

Para as pendentes de pago

Pendientes de pago e conformadas: desde data de conformidade até o último día do período de cómputo, agás, que os días transcurridos desde data rexistro até conformidade, sexa superior aos días transcurridos dende a data de rexistro +30, nese caso, a data de cómputo é a de data de rexistro +30 até o último día do período de cómputo.

Pendientes de pago e non conformadas ao final de período de cómputo: Se, desde data de entrada en rexistro contable de facturas até final do período de cómputo é menor que data rexistro+30, non computa no PMP.

Se, desde data de entrada en rexistro até final do período de cómputo é maior que data rexistro+30, o número de días de cómputo é desde data rexistro+30 até final do período de cómputo.

Cando se pague esta factura, coa conformidade, os días de cómputo son desde data rexistro+30 até a data de pago.

O criterio de rexistro + 30, e o prazo que ten a Administración como máximo para dar conformidade, polo que, a partires desa data, a factura entra no cálculo do PMP, a data que ten a administración para conformar é a prevista no artigo 198.4 de la LCSP.

Salvo casos particulares como a Certificación Final de Obra (3 meses para aprobar e 30 días desde esta para pagar) e en caso de liquidación de Contrato (60 días para pagar desde a aprobación da liqui-

dación de contrato), a Administración ten que facer fronte ao pagamento dentro dos 30 días seguintes á conformidade da factura, ademais, deberá conformar a mesma dentro dos 30 días seguintes a da súa presentación.

IV.- Estrutura e datos a incluír nos Informes de Morosidade.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou no ano 2015 unha Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio:

Ministerio(www.minhafp.gob.es/Documentación/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/ManualU-suarioMorosidadv20.pdf), que dispón que os informes haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo, independentemente da data de rexistro da factura ou certificación de obra.

O artigo 16.6, da Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014, establece que:

"O informe trimestral, regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na que se incluírá, polo menos, de acordo coa metodoloxía establecida para o cálculo o período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas, o detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores, así como das operacións pagadas e pendentes de pagamento de cada entidade e do conxunto da Corporación Local. "

A base de datos que se ten en consideración para a análise que conforma o informe, e a mesma que a utilizada mensualmente para dar cumprimento ao previsto no Real Decreto 635/2014 e Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro para dar a información requirida polo MINHAC en cumprimento da Lei de morosidade, é dicir, o Rexistro Contable de facturas, cuxo funcionamento de anotación de facturas é en tempo real, no mesmo momento no que se fai a anotación no rexistro da plataforma FACe ou no Rexistro Xeral do Concello, polo tanto, o sistema de información está totalmente integrado é garantista do estado no que se atopa calquera factura.

Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

- Pagamentos realizados no trimestre.
- Intereses de demora pagados no trimestre.
- Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.
- Detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores.
- Tamén se vai a engadir, a contía dos pagamentos feitos tendo en conta o previsto no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo.

V.- Datos correspondentes ao 2º trimestre do ano 2025.

En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, remítese ao Pleno da Corporación o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas correspondentes ao 2º trimestre do exercicio 2025 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigas pendentes de pago ao final de dito trimestre polo

Concello de Vigo, o seu Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación (MARCO, CONVENTION BUREAU e LISTE), segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo e do seu Organismo Autónomo (Rexistro contable de facturas) e a información remitida das Fundacións Marco e Convention Bureau.

Achégase a información que se envía ao Ministerio de Facenda, que se incorpora a páxina web do Concello de Vigo, información económica e o portal de transparencia.

Situación	Entidade Local	X. M. Urbanismo	F. MARCO	C. BUREAU	F. LISTE
Pagos feitos no trimestre					
<i>Dentro do período legal de pagos</i>					
Nº de pagos	1.386	85	130	57	45
Importe dos pagos	41.230.071,09	496.169,92	104.398,50	45.089,62	4.376,22
<i>Fora do período legal de pagos</i>					
Nº de pagos	16	1	69	0	0
Importe	598.691,00	23.400,53	101.709,33	,00	
PMP (período medio de pago do trimestre)	7,38 días	10,71 días	30,83 días	5,80 días	2,06 días
Intereses de demora pagados no trimestre					
Nº de pagos	,00	,00	,00	,00	,00
Importe	,00	,00	,00	,00	,00
Pagos pendentes ao remate do trimestre					
<i>Dentro do período legal de pagos</i>					
Nº de pagos	181	27	7	0	3
Importe dos pagos	7.224.804,74	151.862,50	5.555,52	,00	781,07
<i>Fora do período legal de pagos</i>					
Nº de pagos	11	0	6	0	0
Importe	282.788,04	,00	924,65	,00	,00
PMPP (Período medio pendente de pago do trimestre)	2,19 días	12,49 días	27,52 días	0,00 días	0,00 días

O "Período *medio de pago*" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días medio que se tardou en realizar os pagamentos, contados dende a data de recepción (Rexistro FACe ou Rexistro Xeral do Concello) da factura.

O "Período medio do pendente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

As facturas pagadas ou pendentes de pago que están ou foron pagadas fora do período legal de pagos, non teñen causa nun problema de liquidez, senón, que na maioría dos casos, a súa causa é o atraso na conformidade e tramitación da mesma polo servizo xestor do gasto, que en cumprimento do previsto na Base 18ª.2.i) das de Execución do Orzamento, debería dar conformidade ou desconformidade ao documento, nos 5 días hábiles seguintes o da súa recepción.

Resumo por trimestres de morosidade, en días

Trimestre	Entidade				
	Concello	XMU	F. MARCO	F. C.BUREAU	F LISTE

	Días		Días		Días		Días			
	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP		
Primeiro	8,38	11,92	13,14	11,34	22,82	16,47	2,88			
Segundo	7,38	2,19	10,71	12,49	30,83	27,52	5,80		2,06	0,00
Terceiro										
Cuarto										

En contías e nº de pagos

Trimestre	Entidade									
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU		F. LISTE	
	Importe		Importe		Importe		Importe		Importe	
	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago
Primeiro	25.880.348,48	7.668.317,32	153.411,02	280.003,59	169.571,29	28.034,22	25.536,97	,00		
Nº pagos	876	224	75	20	169	28	27	0		
Segundo	41.828.762,09	7.507.592,78	519.570,45	151.862,50	206.107,83	6.480,17	45.089,62	,00	4.376,22	781,07
Nº pagos	1.402	192	86	27	199	13	57	0	45	3
Terceiro										
Nº pagos										
Cuarto										
Nº pagos										

Tendo en conta que a administración dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desa data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso, se se esgotasen os prazos previstos para a aprobación e para o pago, se disporían de 60 días.

No trimestre dáse cumprimento ao prazo legal de pago.

Achégase igualmente os datos dos días de pago tanto en períodos mensuais como en contías en relación co Real Decreto 635/2014.

Días de pago para o grupo de consolidación conformado pola Entidade Local Concello de Vigo, Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundación MARCO, Fundación e Fundación CONVENTION BUREAU.

Análise por meses para o grupo

Por **días** de pago para o grupo de consolidación, conformado polo ratio de pago e o pendente de pago, ano 2025.

PMP , Real Decreto 635/2014 modificado polo RD 1040/2017, correspondente ao ano 2025													
Institución	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Media/P.L

Ent. Local	7,74	6,55	7,52	6,73	8,25	4,88							7,61
MARCO	19,18	24,64	17,73	18,20	34,77	32,66							
XMU	8,98	6,96	3,93	10,03	6,56	5,12							9,48
V. C.BUR.	1,27	3,57	4,35	3,75	6,57	7,13							
LISTE						7,01							
PMP Glob	7,80	6,67	7,51	6,83	8,41	5,10							

Por **contías** pagadas e pendentes de pago ao remate do período, ano 2025

Mes	INSTITUCIÓN									
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU		LISTE	
	Importe		Importe		Importe		Importe		Importe	
	Pagado	Pte.pago	Pagado	Pte.pago	Pagado	Pte.pago	Pagado	Pte.pago	Pagado	Pte.pago
Xaneiro	7.436.594,51	3.158.235,90	29.693,21	14.200,68	27.967,00	24.391,84	2.991,38	0,00		
Febreiro	11.330.968,32	5.272.670,47	68.873,90	67.788,18	68.853,61	38.014,84	1.549,79	0,00		
Marzo	10.754.709,27	7.758.819,83	54.843,91	280.003,59	72.750,68	28.034,22	20.995,80	0,00		
Abril	16.299.973,99	7.793.951,50	360.966,78	44.993,11	21.036,25	73.789,41	24.692,64	0,00		
Maio	15.692.571,24	2.709.317,89	68.755,43	84.209,98	12.256,34	107.823,14	7.392,57	0,00		
Xuño	15.122.743,20	7.692.543,62	89.848,24	151.862,50	172.815,24	6.480,17	13.004,41	0,00	1.248,35	781,07
Xullo										
Agosto										
Setembro										
Outubro										
Novembro										
Decembro										
TOTAL	76.637.560,53		672.981,47		375.679,12		70.626,59		1.248,35	

Análise para o conxunto do período para os entes con Orzamento Limitativo (Concello e XMU)

INSTITUCIÓN	PERÍODO DE PAGO ANUAL/días
Concello de Vigo	7,61
Xerencia Municipal de Urbanismo	9,48

As diferencias entre os pagos tomados en conta pola Lei 3/2004 e o RD 635/2014 coa modificación incorporada polo RD 1040/2017, está nas retencións, embargos e pagos parciais, nun caso son tomadas como pagos e noutro non, aínda que, como se pode comprobar a diferenza é de escasa importancia.

En relación co PMP, o RD 1040/2017, incorporou non só variacións no dies a quo, senón na forma de cálculo. O RD 1040/2017, computa desde a data de conformidade da factura até o pago ou até o último día do período de análise.

O que poño en coñecemento da Concellaría delegada de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos”.

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en sesión ordinaria de 21 de xullo, queda informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigacións previstas nas leis, correspondente ao 2º trimestre do 2025. O Pleno toma coñecemento do mesmo.

.- **Incidencia. Sendo as 9:45 horas, co permiso da Presidencia, auséntase da sesión plenaria o concelleiro do grupo municipal socialista Sr. Estévez Rodríguez. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e cinco (25) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.*

4.(109). DETERMINACIÓN DA FORMA DE XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE TRANSPORTE URBANO COLECTIVO DE VIAXEIROS. EXPEDIENTE 5137/449. (EXPTE. PLENO 5030/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 15 de xullo de 2025, a xefatura do Servizo de Transportes emite o seguinte informe proposta,

"I. ANTECEDENTES

1. O artigo 25 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local dispón, no seu apartado 2, letra g), que o Municipio exercerá en todo caso como propia, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, competencia en materia de transporte colectivo urbano; así mesmo, o artigo 86.3 da citada norma declara a reserva legal en favor dos municipios dos servizos de transporte, e no apartado 1, letra d) do artigo 26 do mesmo texto, establece que os Municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, como é o de Vigo, deberán prestar obrigatoriamente o servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros.

2. O servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros vense prestando de xeito indirecto polo concello de Vigo, mediante o contrato de xestión de servizo público, en forma de concesión, desde o ano 1968. Este primeiro contrato foi adxudicado a mercantil Viguesa de Transportes, S.L. en sesión plenaria de 16 de maio de 1968. A formalización da adxudicación da concesión administrativa do servizo tivo lugar mediante escritura pública de 14 de decembro de 1968 e finalizou transcorrido o prazo de 25 anos pactado no contrato.

3. Na actualidade, o dito servizo de transporte, en aplicación do principio de continuidade na prestación do servizo público e dos artigos 5.5 do Regulamento (CE) 1370/2007 e 85 da LOTT, préstase en virtude da prórroga forzosa da prestación do servizo público do transporte urbano colectivo de viaxeiros, adxudicado en concesión a Viguesa de Transportes, S.L., polo Pleno do Concello de Vigo o 16 de setembro de 1994; concesión que remataba o 7 de xuño de 2025. A duración da devandita prórroga, de carácter excepcional e temporal, será a imprescindible para a formalización e inicio do novo contrato, resultante do expediente de licitación 4537/449, iniciado por resolución do concelleiro delegado da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, de data 29 de novembro de 2024 . A continuidade en ningún caso poderá exceder de 2 anos.

4. A fin de proceder á renovación da contratación da xestión do servizo do transporte público urbano, que remataba en xuño de 2025, a Xunta de Goberno Local, en sesión de 3 de novembro de 2023 adxudicou o contrato para a elaboración dun estudo técnico sobre a demanda do transporte urbano colectivo no novo ámbito da mobilidade urbana sustentable e para a confección dun proceso de modelización da rede de transporte urbano da cidade, co obxecto de poder determinar todas as opcións de optimización da dita rede e a configuración das liñas de acordo coa demanda real. E o 7 de marzo de 2024 foi publicado no D.O.U.E o anuncio previsto no artigo 7 do Regulamento (CE) nº 1370/2007 do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de outubro de 2007, para a nova contratación do servizo.

5. Á vista do devandito estudio técnico sobre a demanda do transporte urbano colectivo no novo ámbito da mobilidade urbana sustentable e de modelización da rede de transporte urbano da cidade, o concelleiro delegado da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, con data 29 de novembro de 2024, aprobou o informe-proposta da Área, da mesma data, xustificativo da necesidade e idoneidade da contratación do servizo do transporte colectivo urbano de viaxeiros no termo municipal de Vigo, na forma de contrato de servizos con prestacións directas á cidadanía, e coa mesma data o citado concelleiro delegado resolveu iniciar o expediente de contratación a tal fin (Expediente núm. 4537/449).

6. O servizo público de transporte urbano colectivo de viaxeiros de Vigo, conta co seu regulamento regulador, nomeado «Regulamento do servizo público de transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús da cidade de Vigo», que foi aprobado polo Pleno do concello de Vigo, en sesión de 27 de novembro de 2019, e publicado no BOP de Pontevedra, núm. 25, de 6 de febreiro de 2020. O regulamento, tanto no seu limiar, como no seu artigo 2 declara expresamente que corresponde o Concello de Vigo a titularidade do servizo público de transporte público urbano regular permanente de viaxeiros mediante autobús e sinala que o seu obxecto é establecer, xunto coa documentación contractual, o réxime xurídico e o alcance das prestacións do servizo en favor dos cidadáns de Vigo e demais usuarios.

7. O referido regulamento do «Servizo público de transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús da cidade de Vigo» establece no seu artigo 3, sobre a forma de prestación do servizo, que «O Concello de Vigo presta o servizo público urbano regular permanente de viaxeiros en autobús de forma indirecta, mediante a contratación dunha empresa, de calquera das formas previstas na lexislación vixente na materia de contratación pública e de réxime local e de acordo co establecido no correspondente contrato público de servizo público».

8. O artigo 85 2.B) LRBRL establece que os servizos públicos de competencia local haberán de xestionarse da forma máis sustentable e eficiente de entre as que enumera a continuación, distinguindo entre a xestión directa e a indirecta e establecendo para esta que a mesma terá lugar «mediante las distintas formas previstas para el contrato de gestión de servicios públicos en el texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de noviembre».

9. É o caso que a vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público ven a modificar o esquema da lei anterior, pois tal e como sinala a súa exposición de motivos, na vixente Lei «desaparece la figura del contrato de gestión de servicio público y, con ello, la regulación de los diferentes modos de gestión indirecta de los servicios públicos que se hacía en el artículo 277 del anterior texto refundido. Surge en su lugar, y en virtud de la nueva Directiva relativa a la adjudicación de contratos de concesión, la nueva figura de la concesión de servicios, que se añade dentro de la categoría de las concesiones a la ya existente figura de la concesión de obras».

«Por otra parte —prosegue a exposición de motivos da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público— como es sabido, el contrato de gestión de servicios públicos hasta la regulación de esta Ley era un supuesto de gestión indirecta del servicio, lo que

implicaba que mediante este contrato, la Administración le encomendaba a un tercero, el empresario (normalmente, el concesionario), que gestionase un determinado servicio público. El que gestionaba el servicio, por lo tanto, era el empresario o el concesionario, por lo que en todo lo relativo a la utilización del servicio suponía el establecimiento de una relación directa entre el concesionario y el usuario del mismo.

Por ello, en la medida en que el que gestionaba el servicio público y, por tanto, se relacionaba con el usuario era el concesionario, era preciso determinar previamente el régimen jurídico básico de ese servicio, que atribuyera las competencias y determinara las prestaciones a favor de los administrados. Igualmente había que establecer que la actividad que realizaba el concesionario quedaba asumida por la Administración respectiva, puesto que no era la Administración la que prestaba directamente ese servicio.

En definitiva, había dos tipos de relaciones, la que se establecía entre la Administración y el empresario, concesionario, que era contractual (contrato de gestión de servicios públicos), y la que se establecía entre el concesionario y el usuario del servicio, que se regulaba por la normativa propia del servicio que se prestaba.

Por el contrario, en las prestaciones susceptibles de ser objeto de un contrato de servicios, quien las prestaba, y, por tanto, se relacionaba con el usuario era la Administración, quien, en el caso de insuficiencia de medios, celebraba un contrato (contrato de servicios), con un empresario particular.

Pues bien, en este esquema incide la regulación de la Directiva 2014/23/UE, de 26 de febrero de 2014, relativa a la adjudicación de contratos de concesión. Para esta Directiva el criterio delimitador del contrato de concesión de servicios respecto del contrato de servicios es, como se ha dicho antes, quién asume el riesgo operacional. En el caso de que lo asuma el contratista, el contrato será de concesión de servicios. Por el contrario, cuando el riesgo operacional lo asuma la Administración, estaremos ante un contrato de servicios.

Este criterio delimitador del contrato de concesión de servicios respecto del contrato de servicios ha sido asumido por la presente Ley. Por ello, determinados contratos que con arreglo al régimen jurídico hasta ahora vigente se calificaban como de gestión de servicios públicos, pero en los que el empresario no asumía el riesgo operacional, pasan ahora a ser contratos de servicios. Ahora bien, este cambio de calificación no supone una variación en la estructura de las relaciones jurídicas que resultan de este contrato: mediante el mismo el empresario pasa a gestionar un servicio de titularidad de una Administración Pública, estableciéndose las relaciones directamente entre el empresario y el usuario del servicio.

Por esta razón, en la medida que la diferencia entre el contrato al que se refiere el párrafo anterior y el contrato de concesión de servicios es la asunción o no del riesgo operacional por el empresario, es preciso que todo lo relativo al régimen de la prestación del servicio sea similar. Por ello, se ha introducido un artículo, el 312, donde se recogen las normas específicas del antiguo contrato de gestión de servicios públicos relativas al régimen sustantivo del servicio público que se contrata y que en la nueva regulación son comunes tanto al contrato de concesión de servicios cuando estos son servicios públicos, lo que será el caso más general, como al contrato de servicios, cuando se refiera a un servicio público que presta directamente el empresario al usuario del servicio.

Para identificar a estos contratos que con arreglo a la legislación anterior eran contratos de gestión de servicios públicos y en esta Ley pasan a ser contratos de servicios, se ha acudido a una de las características de los mismos: que la relación se establece directamente entre el empresario y el usuario del servicio, por ello se denominan contratos de servicios que conlleven prestaciones directas a favor de los ciudadanos».

10. Así as cousas, os modos de xestión indirecta dun servizo público na nova Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público, redúcense á concesión de servizos e ao contrato de servizos que leve consigo prestacións directas a favor da cidadanía. A diferenza entre unha e outra modalidade de xestión indirecta estriba na asunción ou non polo empresario do risco operacional do servizo.

11. A forma de xestión deste servizo público no contrato adxudicado a Víguesa de Transportes, S.A., polo Pleno do Concello de Vigo, o 16 de setembro de 1994 —que remataba o 7 de xuño de 2025 e atópase en situación de prorroga forzosa— era, segundo vai dito, o de contrato de concesión administrativa da xestión de servizo público. Porén, no expediente iniciado para a nova contratación do servizo propónse como nova modalidade contractual a do contrato de servizos con prestacións a favor da cidadanía, no cal, a diferenza da modalidade anterior, o contratista non asume o risco operacional na explotación do servizo.

12. O citado Regulamento do «Servizo público de transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús da cidade de Vigo» establece no seu artigo 3, sobre a forma de prestación do servizo, que «O Concello de Vigo presta o servizo público urbano regular permanente de viaxeiros en autobús de forma indirecta, mediante a contratación dunha empresa, de calquera das formas previstas na lexislación vixente na materia de contratación pública e de réxime local e de acordo co establecido no correspondente contrato público de servizo público».

Como queira que a dita habilitación para a utilización de calquera das formas de xestión indirecta foi aprobada polo Concello-Pleno ao aprobar o Regulamento do servizo en 2019, cabería entender que non resulta necesario un novo pronunciamento do Concello-Pleno para a adopción da modalidade de xestión indirecta de contrato de servizos con prestacións directas á cidadanía; non obstante, a elección dunha ou doutra forma de xestión indirecta —concesión ou contrato de servizos á cidadanía— ten de estar necesariamente motivada, sobre todo tendo en conta a diferenza entre ambas formas de xestión —a transferencia ou non do risco operacional á contratista— e a expresa esixencia no artigo 85 LRBRL, introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, de acreditar que a forma de xestionar calquera servizo público é a máis sustentable e eficiente, de entre as formas de xestión que se relacionan no dito precepto; o que require dun pronunciamento do Pleno do Concello a este respecto, en aplicación do artigo 123.1 k) LRBRL, de acordo co cal corresponde ao Pleno do Concello, tamén nos municipios de grande poboación: «A determinación das formas de xestión dos servizos».

13. A xestión indirecta caracterízase por aplicar do modo máis obxectivo posible o principio de eficiencia ao confrontar nunha licitación pública a todos os prestadores interesados e seleccionando a proposta máis vantaxosa con arranxo aos pregos deseñados pola administración.

Esta modalidade é, fronte a xestión directa, a máis vantaxosa cando se trata de servizos altamente complexos para os cales existe un conxunto de prestadores especializados, xa que a experiencia derivada dunha ampla carteira de clientes e a continuidade temporal na prestación de servizos análogos permite a estas empresas xerar economías de escala que sustentan recursos e servizos centralizados e un amplo «*know how*», que non son posibles para unha administración local que so presta o servizo no seu ámbito territorial. O aforro de custes e a mellora técnica na prestación do servizo compensan con creces a remuneración do beneficio industrial, cando se trata de servizos especializados.

O servizo de transporte urbano de Vigo encádrase neste suposto. Os potenciais prestadores contan cunha carteira de servizos noutros ámbitos territoriais que permiten sufragar uns servizos centralizados e uns activos intanxibles que posibilitan alcanzar unha elevada eficiencia económica; elementos tales como os sistemas de xestión de flota, a contratación centralizada de activos, recambios ou servizos de mantemento, ou a especialización do persoal técnico e directivo, por citar soamente uns exemplos, representan, todos eles, ámbitos nos que unha entidade especializada pode proporcionar unha maior eficiencia económica.

Por este motivo, considérase que o modo de xestión máis sustentable e eficiente para a prestación do servizo de mobilidade urbana de Vigo é a xestión indirecta, tal é como establece o citado Regulamento do «Servizo público de transporte urbano colectivo de

viaxeiros en autobús da cidade de Vigo» e, en canto á concreta figura contractual para a xestión indirecta do servizo, considérase como máis sustentable e eficiente para o desenvolvemento do novo contrato, a do contrato de servizos con prestacións directas á cidadanía fronte a concesión de servizos.

14. Tal e como vai arriba dito, a Lei 9/2017 define dous tipos contractuais mediante os que un servizo público de competencia municipal pode ser prestado por un contratista privado: contrato de concesión de servizos (artigo 15) e contrato de servizos (artigo 17, coas especialidades do artigo 312 sobre contratos de servizos que conleven prestacións directas a favor da cidadanía).

A diferenza fundamental, volvemos a repetir, entre ambos tipos contractuais é o concepto de risco operacional. O contrato de concesión de servizos ten como contraprestación o dereito a explotar os servizos obxecto do contrato ou ben dito dereito acompañado do de percibir un prezo, o cal implicará a transferencia ao concesionario do risco operacional. O risco operacional abarca o risco de demanda, o risco de subministro ou ambos: enténdese por risco de demanda o que se debe á demanda real das obras ou servizos obxecto do contrato e risco de subministro o relativo ao subministro das obras ou servizos obxecto do contrato, en particular o risco de que a prestación dos servizos non se axuste á demanda.

Outros elementos que xeralmente se asocian co contrato de concesión de servizos poden integrarse no contrato de prestación de servizos que leva consigo prestacións directas a favor de la cidadanía.

O principal efecto do risco operacional se produce sobre o prezo do contrato. A entidade privada que asume un risco operacional debe integrar no seu análise económico a posibilidade de incorrer en perdas pola evolución futura de elementos que están fora do seu control —tipicamente a demanda—. O análise económico das concesións adoita presentarse como un proxecto de inversión, no que se analizan os fluxos de cobros e pagos e se calcula a TIR e o VAN. Este análise integra a aplicación dunha taxa *k*, de custe de capital, que incorpora tanto o custe financeiro explícito como o custe dos capitais propios, que é maior ao integrar a «taxa de risco».

O artigo 10 do Real Decreto 55/2017, de 3 de febreiro, que desenvolve a Lei 2/2015, de 30 de marzo, de Desindexación da economía española, a efectos de calcular o período de recuperación da inversión dos contratos, define a taxa de custe de capital —que denomina «*b*»— como «a taxa de desconto, cuxo valor será o rendemento medio no mercado secundario da débeda do Estado a dez anos nos últimos seis meses, incrementado nun diferencial de 200 puntos básicos» (actualmente estaría no entorno do 5,7% p.a.). Debe terse en conta que o valor efectivo de «*k*» será maior canto maior sexa a incerteza e o risco nas previsións, como é o caso do transporte de urbano de Vigo. Incluso aínda que o prego de cláusulas impuxera unha «*k*» fixa, os oferentes tenderían a sobrevalorar os custes do servizo para incrementar de modo implícito a taxa de risco efectiva.

Isto non sucede nun contrato de prestación de servizos, no que non existe risco operativo e os licitadores poden axustar as súas ofertas económicas a súa estrutura de custes. Cando o contrato de servizos incorpore algún compoñente financeiro, como por exemplo a obriga de executar inversións ao inicio do contrato, a remuneración debe contemplar o custe financeiro derivado da diferenza temporal entre o pago efectuado polo prestador e os cobros previstos no contrato, pero exclusivamente o custe financeiro efectivo, si existira, e soamente deses elementos. O efecto polo tanto non pode ser outro que un maior prezo no que incorrerá a Administración para un servizo equivalente, se decide optar por un contrato de concesión administrativa, o cal, lóxicamente estaría en contradición co principio de uso eficiente dos recursos públicos.

15. O modelo contractual de concesión de servizos, identifícase inicialmente como unha opción viable dende un punto de vista xurídico, porén, a opción por un ou outro tipo contractual —concesión ou contrato de servizos con prestacións directas á cidadanía— debe partir do análise do alcance da transmisión do risco operacional que se produciría no tipo contractual de concesión de servizos e as súas consecuencias económicas para a

administración municipal; análise que, como de seguida veremos, aconsella optar polo contrato de servizos con prestacións directas á cidadanía fronte ao modelo concesional.

16. O contrato de concesión de xestión de servizo público adxudicado a Viguesa de Transportes, S.L., polo Pleno do Concello de Vigo o 16 de setembro de 1994, que rematou o 7 de xuño de 2025 e se atopa en situación de prorroga forzosa de prestación do servizo desde o día 8 de xuño de 2025, non establecía, habida conta do tipo contractual, un tipo concreto de licitación senón a oferta polos licitadores dunha única tarifa para todos os percorridos que se efectúen, expresada en pesetas —actualmente euros—/billete ordinario. A tarifa proposta polos licitadores debería tender á autofinanciamento da concesión e incluíría debidamente diferenciados o custe unitario, a inversión en material móbil e as inversións en terreos e instalacións.

Os licitadores haberían de incluír, tamén, na súa oferta un prezo coche/quilómetro de referencia para incremento ou reforzo dos servizos non previstos na adxudicación, así como para o establecemento de novos servizos, o cal aplicaríase, no seu caso, na forma establecida no réxime económico.

A cláusula 62 do prego de condicións da concesión regulaba a revisión de prezos.

Dispón esta cláusula que:

«62.1 O custe unitario e o prezo-custe do vehículo-quilómetro ofertado poderá ser revisado, a instancia de calquera das partes cando se produzan variacións nos custos do servizo, e en consecuencia, se altere o equilibrio económico do contrato.

62.2. A revisión de prezos como consecuencia da modificación dos custos da prestación do servizo, realizarase á alza ou á baixa conforme a unha fórmula liñal que proporcione a variación do prezo total en función das variacións relativas dos prezos dos diversos factores que integran aquel».

O apartado 3 desta cláusula 62 define a fórmula aplicable nos casos a que se refire o punto anterior e, nos apartados seguintes, establécense precisións respecto das distintas variables e constantes da dita fórmula polinómica.

17. A oferta que resultou seleccionada no procedemento de licitación foi, xa se dixo, a presentada por Viguesa de Transportes, S.L. que ofreceu un prezo por viaxeiro de 89,34 pesetas —0,536 euros, sen IVE—, un prezo coche/quilómetro de 361,31 pesetas—2,168 euros, sen IVE—, 116 vehículos para a prestación do servizo e 5.142.623 quilómetros de recorrido, coas liñas, expedicións, frecuencias e horarios que figuran no cadro da oferta económica.

Na actualidade, tras a aplicación das revisións de prezos previstas no prego de condicións reitor da concesión, o prezo do billete é de 1,48 €, sen IVE e o prezo do coche/quilómetro é de 5,6767€ sen IVE.

18. En síntese, o prezo da viaxe, que é o elemento fundamental da concesión, determinábase pola adxudicataria dividindo o custe total da prestación do servizo, con inclusión dos gastos xerais e o beneficio industrial, entre o número de viaxes a realizar durante a vixencia do contrato, previstos pola adxudicataria na súa oferta.

As oscilacións que se produciron, en mais ou en menos, na demanda do servizo ao longo do contrato prevista na oferta da adxudicataria non afectaron a economía da concesión; non obstante, declarado por Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada por lo Covid-19, as limitación de circulación de persoas, que esta declaración impuxo, provocou non xa unha importante diminución da demanda do servizo durante a eficacia destas medidas de limitacións da circulación, senón, e sobre todo, unha modificación dos hábitos de transporte urbano da cidadanía de Vigo, que veu a determinar unha diminución moi importante no número de usuarios do servizo, tal e como se reflicte no seguinte cadro.

VIAJES TOTALES MENSUALES Y ANUALES

Viajes mensuales por año (Tabla)

Año / Mes	enero	febrero	marzo	abril	mayo	junio	julio	agosto	septiembre	octubre	noviembre	diciembre	Totales de fila
2015	1.535.813	1.485.808	1.656.794	1.596.521	1.645.223	1.697.117	1.661.364	1.394.146	1.675.870	1.760.612	1.687.936	1.602.567	19.399.771
2016	1.511.516	1.577.737	1.584.195	1.683.390	1.673.306	1.686.485	1.650.922	1.504.313	1.718.535	1.715.692	1.722.015	1.625.256	19.653.362
2017	1.608.503	1.554.544	1.747.763	1.562.932	1.723.905	1.731.913	1.600.162	1.505.798	1.670.591	1.776.177	1.757.345	1.531.935	19.771.568
2018	1.699.226	1.586.537	1.591.107	1.728.331	1.765.432	1.698.223	1.662.760	1.581.824	1.697.593	1.898.735	1.757.520	1.631.476	20.298.764
2019	1.749.933	1.667.162	1.684.185	1.647.419	1.817.659	1.652.542	1.743.821	1.535.668	1.728.700	1.941.923	1.755.377	1.693.548	20.617.937
2020	1.723.225	1.648.345	837.029	154.117	368.026	730.759	1.043.796	947.313	1.106.768	1.169.905	1.026.955	979.604	11.735.842
2021	895.946	823.934	1.119.891	1.087.697	1.124.480	1.207.343	1.141.050	1.013.679	1.257.663	1.279.441	1.295.185	1.035.757	13.282.066
2022	1.065.731	1.149.327	1.308.917	1.185.348	1.310.578	1.269.072	1.276.914	1.187.708	1.414.886	1.408.235	1.369.246	1.242.450	15.188.412
2023	1.271.048	1.271.147	1.420.596	1.272.057	1.366.337	1.411.169	1.349.579	1.305.425	1.414.149	1.372.920	1.266.981	1.018.724	15.740.132
2024	1.088.286	1.060.499	1.156.026	1.482.046	1.453.417	1.426.783	1.519.953	1.397.329	1.555.355	1.687.260	1.563.285	1.509.500	16.899.739
2025	1.489.459	1.523.403	1.555.673	1.517.096	1.655.703								7.741.334
Totales ab...	15.638.686	15.348.443	15.662.176	14.916.954	15.904.066	14.511.406	14.650.321	13.373.203	15.240.110	16.010.900	15.201.845	13.870.817	180.328.927

Así, nos anos 2015 a 2019 o número de usuarios do servizo foi de 99.741.402; número que nos anos 2020 a 2024 descendeu a 72.846.191 isto é un 73,04% do número de usuarios do servizo dos cinco anos anteriores.

Esta perda de 26.895.211 viaxes no período 2020-2024 fixo economicamente inviable a concesión, no cal os ingresos da concesionaria son fundamentalmente, tal e como xa se dixo, o resultado de aplicar a tarifa contractual (para 2025, 1,63 €, con IVE, ou 1,48 € sen IVE) polo número de viaxeiros. A perda de máis dunha cuarta parte dos viaxeiros implicou, polo tanto, a perda de máis dunha cuarta parte dos ingresos da concesionaria.

A inviabilidade económica causada por esta circunstancia queda claramente de manifesto nun exame das contas anuais da actual concesionaria do servizo, nos sucesivos expedientes de reequilibrio económico, así como na negativa expresa da concesionaria a unha segunda prórroga do contrato (expte. 4639-449), por canto, e en palabras da propia concesionaria: «VITRASA no puede seguir asumiendo las pérdidas derivadas de la ejecución del mismo y, por tanto, debe oponerse a la propuesta de prórroga contractual».

Esta inviabilidade do servizo en termos de explotación se recolle tamén no informe da Dirección Superior Contable e Orzamentación, de data 3 de abril de 2025, que figura incorporado ao expediente de contratación iniciado, o cal, en referencia ao contrato de concesión, en situación de prórroga forzosa, indica que «das contas anuais auditadas, que cada ano teñen que enviar ao Concello, evidenciase unha situación de inviabilidade do servizo en termos de explotación, perdas, que ten que asumir por Lei a prestadora do servizo durante o prazo da prestación, aínda que non estará obrigada a continuar coa prestación do mesmo ao remate do prazo”.

Manifestan igualmente con claridade a referida inviabilidade as magnitudes económicas que se reflicten no expediente 3773/449, sobre «Reequilibrio da concesión de transporte urbano colectivo de viaxeiros» para os anos 2021 e 2022, que se recollen no seguinte cadro:

CONCEPTOS	2021	2022	TOTAL
INGRESOS	20.362.957,35	19.647.064,58	58.602.798,66
AXUSTE INGRESOS RD 407/2021	-3.502.120,64	0,00	0,00
INGRESOS AXUSTADOS	16.860.836,71	19.647.064,58	58.602.798,66
GASTOS	28.840.639,40	26.924.737,46	82.238.831,01
AXUSTES EN GASTOS	-5.232.777,00	-1.917.068,00	-9.233.740,00
GASTOS AXUSTADOS	23.607.862,40	25.007.669,46	73.005.091,01
DIFERENCIA	-6.747.025,69	-5.360.604,88	-14.402.292,35
BENEFICIO INDUSTRIAL	00,00	00,00	00,00
IMPORTE REEQUILIBRIO	-6.747.025,69	-5.360.604,88	-12.107.630,57

19. Atopámonos, polo tanto, nun momento caracterizado pola incerteza da evolución futura do servizo e, particularmente, do nivel de demanda do servizo. O risco de demanda no servizo, a medio prazo, é dunha magnitude desproporcionada, que fai inviable economicamente a transferencia do risco operacional ao futuro contratista do servizo dun modo razoable, que non poña en risco o equilibrio económico do contrato e a necesaria continuidade do servizo e, daquela, non incrementa de xeito importante a prima de risco que, nun contrato de concesión, haberá de sufragar o usuario e, en definitiva, como de seguida se verá, o concello de Vigo.

A esta situación de incerteza, a medio prazo, na evolución do servizo de transporte público da cidade contribúe, tamén, a execución dos instrumentos de planificación estratéxica que está a implementar a Administración municipal. Así: (i) a Estratexia de Desenvolvemento Urbano Integrado (EDUSI), promovida pola Unión Europea, desenvolta en Vigo a traveso da denominada estratexia de «Vigo Vertical», entre cuxos obxectivos se atopa a incorporación de elementos de transporte mecánico multimodais favorecedores da mobilidade urbana, a potenciación de infraestruturas de transporte urbano sostible e accesible e propiciar o paso a unha economía de baixo nivel de emisión de carbono en todos os sectores; (ii) O «Plan de Mobilidade Urbana sostible de Vigo», entre cuxos obxectivos se contan a mellora da xestión e funcionalidade da tarxeta multivía (PASSVIGO), a optimización da rede de paradas dos autobuses urbanos, a mellora do acceso aos centros atractores da cidade, a mellora da información nas paradas do autobús urbano, a renovación da flota cara á vehículos menos contaminantes e máis sostibles e accesibles e a promoción da intermodalidade; (iii) O «Plan de Humanizacións» das rúas da cidade; (iv) O Plan Xeral de Ordenación Municipal, que no ámbito de mobilidade urbana propón como obxectivos a potenciación e mellora do transporte público e da intermodalidade así como a interconexión do transporte público cos aparcamentos disuasorios que o planeamento xeral prevé.

Igualmente contribúen á incerteza —no medio prazo— na evolución do servizo de transporte público da cidade o desenvolvemento das novas regulamentacións estatais e a implementación de proxectos estratéxicos do estado nesta materia. Así: (i) o cumprimento das obrigas derivadas das normativas de implantación de Zonas de Baixas Emisións (ZBE), no que o concello de Vigo se atopa na fase de desenvolvemento dos primeiros proxectos; o cumprimento das obrigas derivadas de normativa europea sobre a incorporación de vehículos limpos e enerxicamente eficientes no ámbito do transporte por estrada; as convocatorias de axudas para a transición ecolóxica do transporte urbano colectivo (achegas económicas para a adquisición de vehículos eléctricos e para a electrificación das instalacións); a continuidade dos proxectos do Estado, en colaboración coas administracións locais, para a bonificación do transporte urbano: o proxecto do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, coa participación das administracións locais, para a creación dun «billete único de transporte público», como fórmula colaborativa para a oferta dos diversos títulos de transporte, acelerando a integración das redes e sistemas de transporte para a mellora da mobilidade das persoas,.

A xestión do novo modelo de xestión do servizo de transporte público debe proceder a incorporar as ferramentas que permitan axustar o modelo á demanda real da cidadanía e realizar unha adecuación da rede de transporte urbano que propicie non so a recuperación das porcentaxes de uso do servizo nos anos anteriores ao estado de alarma, provocado pola pandemia do Covid-19, senón, tamén e sobre todo, o incremento do uso do transporte público por riba de tales porcentaxes.

Neste escenario e coas ditas esixencias, a elección do modo de xestión do servizo de transporte público de viaxeiros de Vigo debe atender fundamentalmente ás incertidumes máis arriba mencionadas —o risco de demanda na prestación do servizo, os resultados da implementación dos instrumentos de planificación estratéxica tanto municipais como estatais e as novas esixencias regulatorias na materia—; ao prazo no que se prevea que as ditas incertidumes desaparecerán; e, en fin, a entidade ou importancia que a Administración municipal deba ter na toma de decisións relativas á prestación do servizo, habida conta das ditas incertidumes e das situacións que se vaian producindo a medida que as ditas incertidumes desaparezan.

20. Cómpre, polo tanto, a fin de elixir entre as dúas modalidades de xestión indirecta de servizos públicos, previstas na Lei de contratos do sector público (concesión de servizos e contrato de servizos con prestacións directas á cidadanía), avaliar as dúas modalidades contractuais atendendo á sostibilidade económica e a incidencia da Administración municipal na xestión do servizo.

Non obstante, procede referirse previamente ao prazo no que se calcula que as ditas incertidumes precipitarán en situacións ou esixencias concretas e substancialmente medibles economicamente, isto é ao período de tempo no que as ditas incertidumes desaparecerán e se converterán en certezas, na medida en que este prazo debe determinar o prazo do contrato. Deste modo, o contrato de servizos con prestacións directas á cidadanía que se propón configúranse como un contrato de transición, durante cuxa vixencia se prevé que se resolverán as repetidas incertezas. Na documentación preparatoria do expediente de contratación propónse como duración do novo contrato a de nove ou, como máximo, dez anos; prazo prudencial no que se prevé que todas as incertidumes e dúbidas que actualmente se cernen sobre a xestión do servizo poderán quedar resoltas.

21. Verbo da incidencia da Administración municipal na xestión do servizo, cómpre informar que o modelo de contrato de concesión de servizos limita de xeito importante a intervención da administración na xestión do servizo, pois o obxecto deste tipo contractual é a xestión do servizo público, asumindo o concesionario o risco operacional e, daquela, a exclusiva responsabilidade económica da concreta xestión do mesmo. Así, cando resulte procedente que a administración incorpore variacións no modo en que o servizo deba ser prestado, derivadas das circunstancias anteriormente expostas, estas poden afectar potencialmente á demanda do servizo e determinar, por tanto, a ruptura do equilibrio económico da concesión, coa conseguinte obriga do reequilibrio económico do contrato a custa da Administración. Este concepto de equilibrio económico da a este tipo contractual da concesión unha certa rixidez respecto da intervención da Administración, sendo este modo de xestión máis axeitado para servizos públicos sobre os que se poda esperar razoablemente unha pequena inestabilidade de demanda durante o prazo contractual, so pena de incrementar considerablemente o custe do servizo.

Por contra, o contrato de servizos con prestacións directas á cidadanía permite unha maior flexibilidade na xestión e na intervención da Administración sobre esta. Neste modo de xestión indirecta o risco operacional non é transferido ao contratista, polo que o obxecto do contrato pode configurarse de tal modo que permita ao Concello variar aspectos da xestión do servizo sen afectar ao réxime económico do contrato ou, no caso de producirse modificacións na prestación do servizo que afecten á economía do contrato, as variacións do prezo poden preverse con maior fiabilidade nos pregos contractuais, ao estar referidas ao custo das prestacións afectadas, sen que elementos como o volume de demanda e o reparto dos riscos operativos sexan relevantes para adoptar estas decisións de xestión.

En consecuencia, atendendo a este criterio e as actuais incertidumes arriba mencionadas, considérase que o modo de xestión indirecta mais aconsellable para a nova contratación do servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade de Vigo é o contrato de servizos con prestacións directas á cidadanía.

22. O contrato de concesión de servizos incentiva ao contratista a facer todo o que resulte posible para fomentar un maior uso do transporte público, xa que os seus ingresos (a súa rendibilidade) dependen da materialización dunha demanda suficiente. Sen embargo, o modelo de contrato de servizos con prestacións directas á cidadanía permite tamén á administración fomentar na mesma medida o uso do transporte público:

En primeiro lugar, porque a modalidade de retribución do contrato de servizos pode incluír unha compoñente ou pago variable que incentive ao contratista a obter un maior número de usuarios, sen chegar a supoñer unha transferencia do risco operativo. Deste modo, os ingresos do operador privado se incrementarán no caso de incrementos no uso do servizo. En segundo lugar, porque a Administración pode acometer programas de fomento da mobilidade sostible sen que o cambio das condicións do servizo causado por tales programas podan determinar a ruptura do equilibrio económico do contrato, circunstancia que podería darse no caso de que o modelo de prestación do servizo fora o de concesión.

23. Canto a avaliación da sostibilidade económica de cada unha das dúas formas de xestión indirecta do servizo de que tratamos, cómpre informar que, como xa se avanzou, o contrato de concesión adxudicado en 1994 a Viguesa de Transportes, S.L., en situación de prorroga forzosa desde o día 8 de xuño pasado, é nos termos actuais manifestamente inviable desde un punto de vista económico.

Un modelo económico de concesión alternativo, que inclúa un pago por parte da administración para compensar o déficit tarifario posto de manifesto, sería igualmente inviable debido á existencia dun risco operacional (de demanda) desproporcionado. Sen embargo, considérase ilustrativo analizar o impacto orzamentario dun modelo de concesión no suposto de que a incerteza da demanda o fixera, en principio, viable pola menor entidade de tal incerteza.

Así, definimos en primeiro lugar un modelo concesional comparable cun modelo de contrato de servizos con prestacións directas á cidadanía, coas seguintes particularidades:

- O risco operacional debe ser transmitido ao contratista. Tendo en conta a tipoloxía dos servizos, considérase o risco de demanda a modalidade de transferencia do risco operacional máis axeitada.

- Como consecuencia da transferencia do risco de demanda, o pagamento ao concesionario neste modelo debe vencellarse ao volume de demanda real do servizo, de tal modo que o risco transferido sexa substancial, real e efectivo. Un modelo sinxelo de transferencia do risco de demanda sería a fixación dun prezo por viaxeiro (tarifa teórica) a partir da estrutura de custos do servizo.

A estrutura de custos de explotación do prestador do servizo para o escenario base é idéntica con independencia do tipo contractual, xa que o alcance das obrigas é equivalente. Esta identidade alcanza, polos mesmos motivos, á imputación dos gastos xerais do servizo e do plano de investimentos. As diferencias residen no beneficio industrial esixido polo capital, en función do nivel de risco esixido e asumido polo contratista.

A análise financeira do prazo de recuperación do investimento, de acordo co artigo 29.9 da LCSP e o artigo 10 do Real decreto 55/2017, do 3 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española, aplica un tipo de desconto k igual ao rendemento medio no mercado secundario da débeda do Estado a dez anos no últimos seis meses incrementado nun diferencial de 200 puntos básicos (é dicir, actualmente o 5,025%). O RD é de aplicación para ambos tipos contractuais.

$$E(r_i) = r_f + \beta [E(r_m) - r_f]$$

Para un contrato de concesión de servizos, no suposto de cumprimento da previsión de demanda que se contemple na memoria económica, os custos e os ingresos do contratista

serán iguais que no caso dun contrato de servizos. A única diferenza é que os ingresos están suxeitos a un risco de demanda, que é asumido polo concesionario. A análise financeira debe ter en conta a existencia deste risco. Con independencia da metodoloxía de determinación da taxa de desconto, e da aplicabilidade do Real Decreto 55/2017, un axioma básico da análise financeira establece que canto maior é o risco asumido, maior será a taxa de rendemento esixida polo mercado. Un método xeralmente aceptado para a valoración da rendibilidade esixida é a metodoloxía CAPM, que descompón a taxa de rendibilidade en dous termos, sendo o primeiro a rendibilidade esperada dun activo sen risco (r_f), e o segundo cuantifica a medida da denominada “*prima de risco*”.

Dedúcese destas consideracións teóricas que a taxa de desconto “*real*” empregada para a análise dun contrato de concesión non pode ser a mesma que a empregada para o análise dun contrato de servizos. Segundo indica OIRESCON no seu *Informe especial de supervisión relativo a los contratos de concesión en 2022*, este feito “...pone de manifiesto que el marco jurídico actual y que determina la existencia de transferencia de riesgo operacional, mediante la valoración del proyecto concesional con una tasa de descuento como la establecida en el artículo 10 del Real Decreto 55/2017, de 3 de febrero, conduce a escenarios en los que la posibilidad de pérdidas no desdeñables reduce el atractivo para los licitadores en mayor medida que cuando no se aprecia que se produzca dicha transferencia de riesgo”, e indica esta circunstancia como causa probable de que o número medio de licitadores nos contratos informados pola ONE e adxudicados ata o 31 de agosto de 2023 fora de soamente 0,6 licitadores, naqueles expedientes nos que quedaba acreditada a transferencia do risco operacional, fronte a 2,36 naqueles concesións onde a efectiva transferencia deste risco non quedaba acreditada. O Informe especial de OIRESCON propón a aplicación dunha taxa de desconto baseada na débeda do estado a 30 anos, incrementada nun diferencial de 300 puntos básicos, que é a taxa prevista no artigo 56 do Real Decreto-ley 36/2020, para os contratos de concesións financiados con cargo a fondos PRTR. De aplicarse esta metodoloxía, a taxa de desconto a aplicar estaría no 6,96%.

Cómpre facer referencia igualmente ao Informe INF/CNMC/015/18 do Consello da CNMC sobre as tarifas de concesión de autobuses do concello de A Coruña, no que se refire a unha TIR a 10 anos de entre o 7,25% e o 8,81%, dependendo dos supostos de investimento e amortización. É dicir, substancialmente máis altas que as propostas por OIRESCON.

A coexistencia da taxa de desconto imposta polo RD 55/2017, e das taxas de desconto “*reais*”, máis elevadas, empregadas na análise financeira polos licitadores en función do seu custo de capital, soamente pode dar un dos seguintes resultados:

- A estrutura de custos reais do licitador é suficientemente inferior á calculada pola administración para permitir unha taxa de desconto implícita superior á do RD 55/2017. É dicir, para un contrato de concesión con transferencia de risco operacional, na súa proposta inflarán os seus custos operativos o suficiente para permitir unha taxa “*real*” suficiente.
- O potencial licitador decide non presentar a súa proposta, tal como sinala o informe de OIRESCON.
- O licitador atópase nunha situación de necesidade aguda de obter carteira de negocio (por exemplo, en risco inminente de incapacidade de pagos), que o leva a asumir na súa proposta un nivel de risco máis alá da racionalidade económico-financieira.

Para calquera das tres posibilidades, a alternativa do contrato de servizos resulta máis eficiente para a prestación do servizo de transporte público urbano de pasaxeiros que a da concesión.

24. En definitiva, as incertezas que pesan actualmente sobre o modelo de mobilidade urbana da cidade, e especialmente o risco de demanda do uso do servizo público de transporte colectivo urbano da cidade, determinadas tanto pola modificación de hábitos no transporte da cidadanía viguesa, tras as limitacións de circulación provocadas pola pandemia do Covid-19 —que provocou un descenso substancial da demanda do servizo, aínda non recuperado—, como polo resultado da implementación dos instrumentos de planificación estratéxica municipais e estatais, arriba referidos, e as novas esixencias normativas na materia, tamén citadas —que demandan unha flexibilidade maior para a intervención da Administración contratante nas decisións relativas ao servizo—, aconsellan como novo

modelo máis eficiente para a xestión indirecta do servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade o contrato servizos con prestacións directas á cidadanía fronte ao contrato de concesión.

25. Con todo, debe recordarse tamén, como xa se avanzou no apartado expositivo 22 do presente informe, que o contrato de servizos con prestacións directas á cidadanía para a xestión indirecta do servizo público de transporte colectivo da cidade pode incorporar, e incorporará no clausulado da modalidade contractual que se propón, a incentivación do contratista adxudicatario do contrato para a realización de actuacións que redunden no incremento dos usuarios do servizo, mediante o establecemento dun incentivo por obxectivos, condicionado á obtención dun número de usuarios do servizo superior á cifra que se estime polos servizos municipais no expediente de contratación. Deste modo, o incentivo motivará economicamente ao adxudicatario a adoptar todas as decisións de xestión necesarias para ofrecer un servizo atractivo, que atraia a un maior número de persoas usuarias.

26. Para finalizar, compre referirse ás precisións e a terminoloxía do «Regulamento do servizo público de transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús da cidade de Vigo», aprobado polo Pleno do concello de Vigo, en sesión de 27 de novembro de 2019, e publicado no BOP de Pontevedra, núm. 25, de 6 de febreiro de 2020, no que atinxen á forma de xestión do servizo.

No seu limiar, o dito Regulamento di que:

«O Regulamento responde á necesidade de establecer o réxime xurídico que determine o alcance das prestacións en favor dos cidadáns de Vigo e demais usuarios na prestación do Servizo de Transporte urbano de viaxeiros en autobús da Cidade de Vigo. Así mesmo, deben terse en consideración os requisitos da concesión do servizo público de transporte público urbano regular de viaxeiros en autobús na cidade de Vigo regulados na documentación contractual que rexe a licitación pública do servizo, isto é, o prego de cláusulas administrativas particulares, o prego de prescricións técnicas particulares, a oferta presentada polo adxudicatario e o documento de formalización do contrato».

E no seu artigo 3, sobre a forma de prestación do servizo, que:

«O Concello de Vigo presta o servizo público urbano regular permanente de viaxeiros en autobús de forma indirecta, mediante a contratación dunha empresa, de calquera das formas previstas na lexislación vixente na materia de contratación pública e de réxime local e de acordo co establecido no correspondente contrato público de servizo público».

Doutra parte, a Regulamento, ao longo do seu texto, ao referirse ao prestador do servizo, utiliza indistintamente as expresións de adxudicatario do contrato —no limiar, e nos artigos 6, sobre a prestación do servizo, 7.i), sobre os dereitos das persoas usuarias e 8.b), sobre as obrigas das persoas usuarias— e de concesionario: nos artigos 24, sobre títulos de transporte e 43 sobre interrupcións e modificacións do servizo.

Neste último aspecto, o Regulamento do servizo adoece dunha terminoloxía imprecisa e o feito de que o seu preámbulo remita ao contrato de concesión vixente no momento da súa aprobación obriga, en aras a proporcionar maior claridade ao Regulamento, a realizar dúas precisións interpretativas: (i) a primeira, que a referencia do preámbulo do Regulamento á «concesión do servizo público de transporte público urbano regular de viaxeiros en autobús na cidade de Vigo, regulados na documentación contractual que rexe a licitación pública do servizo» debe entenderse feita a documentación contractual que estea a rexir a prestación do servizo en cada momento da vixencia do Regulamento; (ii) a segunda, que a expresión concesionario que se utiliza nos artigos 24, sobre títulos de transporte e 43 sobre interrupcións e modificacións do servizo, debe entenderse nun sentido amplo como contratista da prestación do servizo, habida conta das dúas modalidades de contrato de xestión do servizo —concesión e servizos on prestacións directas á cidadanía— que prevé

o Regulamento e a xeneralidade propia dunha disposición de carácter xeral como é o Regulamento.

As referidas disposicións interpretativas propóñense sen prexuízo de que as citadas imprecisións sexan efectivamente corrixidas nunha eventual modificación do Regulamento, que resultase da necesidade de regular concretos aspectos da proposta que formule o adxudicatario do contrato; momento este que se considera, de se lo caso, o mais adecuado para acometer unha modificación do Regulamento. Ata ese momento as disposicións interpretativas proposta son suficientes para proporcionar claridade ao Regulamento respecto das cuestións arriba apuntadas.

27. É competente para aprobar o contrato de servizos con prestacións directas á cidadanía, como novo modo de xestión indirecta do servizo do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade, o Pleno da Corporación, de acordo co disposto no artigo 123.1 k) LR-BRL, segundo o cal corresponde ao Pleno do Concello, tamén nos municipios de grande poboación, como é o caso de Vigo «A determinación das formas de xestión dos servizos». Igualmente corresponde ao Pleno do Concello aprobar as disposicións interpretativas que se propoñen, como órgano a quen corresponde a aprobación do Regulamento e, daquela, a súa interpretación auténtica.

Polo exposto, propónse ao Pleno do concello de Vigo a adopción do seguinte acordo.../...”

Deseguido os funcionarios informantes emiten a proposta que se contén na parte positiva deste acordo.

DITAME. A Comisión Informativa de Fomento e Servizos, na súa sesión ordinaria do 21.07.25, ditaminou favorablemente dita proposta.

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno, nº 5047/1101, con data de entrada o 23 de xullo de 2025, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, presenta un voto particular relativo á determinación da forma de xestión do servizo público de transporte urbano colectivo de viaxeiros.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN VOTO PARTICULAR:

- Votos a favor: tres votos (3) do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
- Votos en contra: vinte e dous votos (22), dos cales dezasete votos (17) corresponden aos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e mais cinco votos (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- Abstencións: Ningunha.

ACORDO

Con vinte e dous votos (22) en contra, dos membros presentes dos grupos municipais do PSOE (17) e PP (5), e tres (3) votos a favor dos membros do grupo municipal do BNG, o Pleno da

Corporación rexeita o voto particular presentado no Rexistro do Pleno, nº 5047/1101, con data de entrada o 23 de xullo de 2025, polo voceiro do grupo municipal do BNG.

VOTACIÓN DITAME:

- Votos a favor: dezasete votos (17) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia.
- Votos en contra: tres votos (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
- Abstencións: cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5), señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

ACORDO

Con dezasete votos (17) a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, tres votos (3) en contra dos membros do grupo municipal do BNG, e cinco abstencións (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte, ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o tipo contractual de contrato servizos con prestacións directas á cidadanía, como novo modo de xestión indirecta do servizo público do transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús da cidade de Vigo, en situación de prorroga forzosa, desde o 8 de xuño de 2025, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 25 de maio de 2025.

Segundo.- Aprobar, en relación ao «Regulamento do servizo público de transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús da cidade de Vigo», aprobado polo Pleno do concello de Vigo, en sesión de 27 de novembro de 2019, e publicado no BOP de Pontevedra, núm. 25, de 6 de febreiro de 2020, as disposicións interpretativas que seguen:

(i) Que a referencia do preámbulo do Regulamento á «concesión do servizo público de transporte público urbano regular de viaxeiros en autobús na cidade de Vigo, regulados na documentación contractual que rexe a licitación pública do servizo» debe entenderse feita a documentación contractual que estea a rexir a prestación do servizo en cada momento da vixencia do Regulamento.

(ii) Que a expresión concesionario que se utiliza nos artigos 24, sobre títulos de transporte, e 43, sobre interrupcións e modificacións do servizo, debe entenderse nun sentido amplo como contratista da prestación do servizo, habida conta das dúas modalidades de contrato de xestión do servizo —concesión e servizos on prestacións directas á cidadanía— que prevé tanto a LCSP como o Regulamento do servizo, como formas de xestión indirecta do servizo e a xeneralidade propia das disposicións de carácter xeral como é o Regulamento.

5.(110). APROBACIÓN DA RECTIFICACIÓN E ACTUALIZACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS DO CONCELLO DE VIGO. EXPEDIENTE 21067/240. (EXPT. PLENO 5012/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 19 de maio de 2025, a xefatura do Servizo de Patrimonio emite o seguinte informe proposta,

“PRIMEIRO.- Polo Pleno municipal, en sesión ordinaria do 25 de xaneiro de 2023, acordouse:

“PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a rectificación e actualización do Inventario Municipal de Bens e Dereitos desta administración, coas altas e baixas dos bens e dereitos reflexadas nos Anexos I, II e III do informe do Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos e a Arquitecta técnica de Patrimonio de data 26/09/2022, xunto coas súas correspondentes fichas que figuran nos mesmos, e o seguinte resultado por Epígrafes:

DATOS 2022					
	BAIXAS	ALTAS	TOTAIS	VALORACIÓNS TOTAIS	CODIFICACIÓN
EPIGRAFE I - INMOBLES	362	3.580	4.606	706.876.236,61 €	1-4970
EPIGRAFE II - DEREITOS REAIS	25	700	700	34.848.816,83 €	1-730
EPIGRAFE III - BENS HISTORICOS		6.780	7.030	20.851.691,82 €	1-8505
EPIGRAFE IV - VALORES MOBILIARIOS	41	238	239	2.122.504,03 €	1-286
EPIGRAFE V - VEHICULOS	35	115	224	4.139.651,22 €	1-273
EPIGRAFE VI - SEMOVIENTES		736	736	166.839,00 €	1-736
EPIGRAFE VII - MOBLES		6.914	6.914	3.103.047,75 €	1-7213
EPIGRAFE VIII - BENS E DEREITOS REVERTIBLES	169	148	184		1-478
TOTAL	632	19.211	20.633	772.108.787,26 €	

Desglose documentacion anexa:

• **ANEXO I:**

- Epígrafe I-A. Bens inmuebles: Libros de bens rexistrados dividido en lotes 1 a 16.
- Epígrafe I-B. Viais: Libros de bens rexistrados dividido en lotes 1 a 5.
- Epígrafe I-B. Viais: Listado xustificativo de altas e correccións.
- Epígrafe II. Dereitos reais: Libros de bens rexistrados dividido en lotes 1 e 2.
- Epígrafe III. Bens móbeis histórico-artísticos: Libro de bens rexistrados .
- Epígrafe IV. Valores mobiliarios, créditos e dereitos: Libro de bens rexistrados .
- Epígrafe V. Vehículos: Libro de bens rexistrados .
- Epígrafe VI. Semoventes: Libro de bens rexistrados .
- Epígrafe VII. Bens móbeis: Libro de bens rexistrados .
- Epígrafe VIII. Bens revertibles: Libro de bens rexistrados .

• **ANEXO II:**

- Epígrafe I-A. Bens inmuebles: Libros de bens propostos para baixa recollidos no lote 17.
- Epígrafe I-B. Viais: Listado xustificativo propostas de baixa.
- Epígrafe II. Dereitos reais: Libro de bens propostos para baixa (Lote 3).
- Epígrafe IV. Valores mobiliarios, créditos e dereitos: Libro de bens propostos para baixa (Lote 2).
- Epígrafe V. Vehículos: Libro de bens propostos para baixa (Lote 2).
- Epígrafe VIII. Bens revertibles: Libro de bens propostos para baixa (Lote 2).

• **ANEXO III:**

- Follas cartográficas de Propiedades: Lotes 1 e 2.
- Follas cartográficas de Viais: Lotes 1 a 4.

SEGUNDO: Someter o presente acordo a información pública de conformidade co disposto no artigo 83 da Lei 39/2015, mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPP) e anuncio no Taboleiro de Anuncios e páxina web do Concello de Vigo, durante o prazo DUN MES a contar dende o seguinte á publicación no BOPP, durante os cales as persoas interesadas poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

No caso de non presentarse reclamacións, o presente acordo entenderase definitivamente aprobado.

TERCEIRO: Proceder á inscrición no Rexistro da Propiedade de todos aqueles bens que non se atopen inscritos.

CUARTO: Aprobado definitivamente a rectificación e actualización do Inventario Municipal de Bens e Dereitos, remitirase copia á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma , procedendose a publicar a información actualizada relativa o Epígrafe I do IMBD na páxina de transparencia municipal <https://transparencia.vigo.org> os efectos de cumprir coa normativa de aplicación nesta materia.

QUINTO: Delegar na Concellería delegada de Patrimonio, ou naquela que asuma as funcións en materia de patrimonio, a actualización, rectificación e a xestión ordinaria do Inventario Municipal de Bens e Dereitos correspondentes o Epígrafe I; a tal efecto acordará, mediante Resolución, as altas e baixas que en calquera momento poidan producirse. Do estado de altas e baixas que resulte en cada ano natural darase conta o Pleno na primeira sesión ordinaria do ano seguinte.”

SEGUNDO.- O acordo de Aprobación inicial da rectificación e actualización do Inventario Municipal de Bens e Dereitos desta administración, coas altas e baixas dos bens e dereitos reflexadas nos Anexos I, II e III adxunto o mesmo e suas correspondentes fichas (exp.21067-240), someteu-se durante o prazo dun mes a información pública de conformidade co disposto no artigo 83 da Lei 39/2015, mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 31 de data 14-02-2023 e anuncio no Taboleiro de Anuncios e páxina web do Concello de Vigo.

O efecto habilitouse na paxina web os seguintes ligazóns:

- A documentación do expediente 21067.240: <https://www.vigo.org/expo-publica-IMBD>.
- Resolución pleno: https://hoxe.vigo.org/pdf/inventario/ACORDO_PLENARIO_25-01-23.pdf.
- Presentación de Alegacións durante periodo de exposición a público: https://sede.vigo.org/expedientes/tramites/tramite.jsp?id_tramite=934.

A Secretaría de Administración Municipal certifica, en data 3/04/2023, a relación de alegacións presentadas ao expediente de “APROBACIÓN INICIAL INVENTARIO MUNICIPAL”, durante o prazo sinalado no edicto deste Concello, publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 31 de data 14-02-2023 .

TERCEIRO.- Pola Arquitecta técnica de Patrimonio emitíuse informe o 10/06/2024, no que da conta das alegacións presentadas no periodo de información pública, que foron obxecto de análise e comprobación, emitindo informe técnico a cada unha delas con proposta de estimación ou desestimación, en cada caso, que figura anexado no correspondente expediente. Así mesmo, formula unhas correccións de oficio, ó detectar *erros de transcripción gráfica, erros no contido na aplicación de xeración de fichas, erros de representación gráfica ou actualizacións de información*, respecto a documentación do Inventario aprobado inicialmente.

O resultado de ditos traballos reflexase nos anexos incorporados o presente informe, comprendendo o Documento 1.- ALEGACIONES, as alegacións presentadas no tramite de información pública; e o Documento 2.- CORRECCIONES E ACTUALIZACIONES, coas correccións, rectificación e actualizacións de oficio que efectuáronse no inventario municipal aprobado inicialmente; e finalmente anexouse unha RELACION DE FONTES PUBLICAS dacordo cos datos que constan no laboratorio municipal e identificadas polo seu código co que figura.

CUARTO.- Tras as rectificacións realizadas no inventario aprobado inicialmente, a que deu lugar as alegacións presentadas e os traballos de revisión e actualización de oficio acometidos, formulase proposta para a aprobación definitiva do Inventario municipal de Bens e Dereitos desta administración dacordo coa documentación anexa, comprensiva das altas e baixas dos bens e dereitos reflexadas nos Anexos I, II, III e IV adxuntos, cuio resultado final pode cuantificarse e resumirse no seguinte cadro:

DATOS 2024						
	BAIXAS	ALTAS	TOTAIS	VALORACIÓNS	TOTAIS	CODIFICACIÓN
EPIGRAFE I - INMOBLES	415	3.586	4.561	653.085.689,21 €		1-4981
EPIGRAFE II - DEREITOS REAIS	25	700	700	34.848.816,83 €		1-730

EPIGRAFE III - BENS HISTORICOS	6.780	7.030	20.851.691,82 €	1-8505	
EPIGRAFE IV - VALORES MOBILIA- RIOS	41	238	239	2.122.504,03 €	1-286
EPIGRAFE V - VEHICULOS	35	115	224	4.139.651,22 €	1-273
EPIGRAFE VI - SEMOVIENTES		736	736	166.839,00 €	1-736
EPIGRAFE VII - MOBLES	6.914	6.914	3.103.047,75 €	1-7213	
EPIGRAFE VIII - BENS E DEREITOS					
REVERTIBLES	168	185	222		1-479
TOTAL	684	19.254	20.626	718.318.239,86 €	

Fundamentos de Dereito:

I.- Natureza do Inventario Municipal de Bens e dereitos.

Entre os medios e facultades que establece o ordeamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das Administracións públicas atópase a obriga de inventariar os bens e dereitos que o integran, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL).

O Inventario Municipal de bens e dereitos é un rexistro administrativo, que se ben, por sí mesmo non proba, crea, nin constitue dereito algún a prol da Administración (neste senso o art. 33.4 da LPAP sinala, en relación a Administración Xeral do Estado que, o Inventario non ten a consideración de rexistro público e os datos nel reflectidos non surten efectos fronte a terceiros nin poden ser empregados para facer valer dereitos fronte á propia Administración), nembargantes constitúese unha ferramenta básica de información e para a xestión interna do patrimonio das administracións públicas.

II.- Normativa legal reguladora do Inventario municipal de Bens e dereitos.

O artigo 32 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP), de carácter básico, establece a obriga de que as administracións públicas inventarién os bens e dereitos que integren o seu patrimonio, facendo constar co detalle suficiente, as mencións necesarias para a súa identificación e as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que estean sendo adicadas.

No eido da administración local, o artigo 86 do Real decreto 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local, recolle a devandita obriga e, en concreto, o artigo 278 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, sinala que as entidades locais están obrigadas a formar inventario valorado de todos os bens e dereitos que lles pertenzan, así como tamén dos bens pertencentes aos organismos autónomos que dependan delas. Deste inventario remitirase copia ao órgano competente da Administración da Comunidade Autónoma e rectificarse anualmente, comprobándose sempre que se renove a Corporación.

O art. 17 do RBEL sinala que as Corporacións Locais están obrigadas a formar inventario de todos seus bens e dereitos, calquera que sexa a súa natureza ou forma de adquisición.

A inclusión de bens e dereitos en dito rexistro municipal, tal e como dispón a normativa patrimonial de aplicación, acadarase en función daquela documentación en virtude da cal atribuíase a súa titularidade o Concello, e conseguintemente refrende os datos reflectidos no inventario.

Dita documentación arquivarase de xeito separado do resto da documentación administrativa, e o seu lugar de arquivo constará consignado no propio inventario (art. 30 do RBEL).

III.-Contido do Inventario municipal.

O Patrimonio Municipal esta constituído polo conxunto dos seus bens dereitos e accións que lles pertenezca (art. 79 LBRL), calquera que sexa a súa natureza e o título de adquisición ou aquel en virtude do cal se lle atribue (art. 263 LALG e 17 RBEL). Non se inclúe o diñeiro, valores, créditos, recursos financeiros nin de tesourería.

Consonte o disposto no art. 18 do RBEL, o inventario de dito Patrimonio estrutúrase do seguinte xeito:

- Ep. I.- Bens Inmóbles
- Ep. II.- Dereitos Reais
- Ep. III.-Móbles de carácter histórico, artístico ou de considerable valor económico
- Ep. IV.- Valores mobiliarios, créditos e dereitos de carácter persoal do Concello
- Ep. V.- Vehículos
- Ep. VI.- Semoventes
- Ep. VII.- Móbles de considerable valor económico non comprendidos nos epígrafes anteriores
- Ep. VIII.-Bens e dereitos revertibles

No inventario reflexarase as adquisicións, vendas, permutas, servidumes, alteracións de calificacións xurídicas dos bens, e calesqueira outras con repercusión nos bens e dereitos obxecto do mesmo.

Os actos de afectación, mutación demanial, desafectación, adscrición, desadscrición e incorporación faranse constar igualmente no correspondente inventario patrimonial (art 82 da LPAP).

IV.- Procedemento de aprobación.

En canto ao procedemento para a aprobación da rectificación e actualización do IMBD, tendo en conta a ausencia de regulación dun procedemento específico, mais alo da mención que o RBEL fai ó órgano competente, débese atender as regras xerais de procedemento administrativo (Lei 39/2015) e por mor da propia natureza do expediente, axustárase o seguinte esquema procedimental:

- a) Orde de inicio do procedemento de aprobación da revisión e actualización do IMBD.
- b) Acordo plenario da aprobación inicial da revisión e actualización do IMBD (art 34 RB)
- c) Sometemento a información pública consonte disposto no art 83 da Lei 39/2015.
- d) Aprobación definitiva por acordo plenario da revisión e actualización do IMBD. No caso de non presentarse alegacións dentro do período de información pública, entenderase aprobada con carácter definitivo.

O inventario finalmente aprobado, será autorizado polo Secretario Xeral do Pleno co visto e prace do Presidente da Corporación (art. 33 RBEL)

V.-Alegacións.

Sometido a información pública a rectificación e actualización do Inventario Municipal de Bens e Dereitos desta administración acordada polo Pleno Municipal do 25 de xaneiro do 2023, formularonse 413 alegacións que foron informadas polos servizos técnicos municipais, co resultado que consta reflexado no Documento 1.- ALEGACIONES anexo a presente proposta. No mesmo, identifícanse as alegacións formuladas polo nº de expediente xenerado a partir documento de presenta-

ción, reflexando o vial ou numero de propiedade a que afecta, e contendo unha proposta de estimación, desestimación ou inadmisión que procede en cada caso, dacordo coa argumentación referida no mesmo.

Como resumen, podese sinalar que en su gran maioría as alegacions efectuáronse o Epígrafe I de Viais, interesando a alta de novas vías ou a prolongación doutras xa existentes ou, noutros casos, a baixa total ou parcial das xa recoñecidas por esta administración. O resto das alegacions, nun número significativamente menor, tiveron como obxecto o Epígrafe I de Inmóveis, recaíndo nalguns casos en bens integrantes do PMS o que motivou seu traslado a Xerencia Municipal de Urbanismo.

Propónse a estimación das alegacions nun número de 105, a desestimacións de 288 e a inadmisión de 3, xustificadas todas elas, en cada caso, consonte a argumentación reflexada en dito documento 1- ALEGACIONES anexo.

Finalmente, inclúese o Documento 2.- CORRECCIONES E ACTUALIZACIONES, no que reflexáanse as correccións de oficio e actualizacións que realizáronse, nun número de 423, como resultado dos traballos de revisión e actualización acometidos polos servizos técnicos neste derradeiros meses, identificándose en cada caso polo número do vial ou de propiedade a que afecta, e reflexando a causa da súa corrección ou actualización.

Así mesmo, anexouse unha RELACION DE FONTES PUBLICAS, a partir dos datos que constan no laboratorio municipal, e identificadas polo seu código, denominación e localización.

VI.- Inscripción Rexistral.

O art. 36 de la LPAP (lexislación básica) dispón a obriga das administracións públicas de inscribir nos correspondentes rexistros os bens e dereitos do seu patrimonio susceptibles de inscrición.

Conforme á lexislación de Réxime Local (artigo 279 LALGA e artigo 36 RBEL) os entes locais inscribirán no Rexistro da Propiedade os seus bens inmóveis e dereitos reais, sendo título suficiente a certificación que con arranxo ao inventario aprobado pola respectiva corporación, expida o secretario, co visto e praxe do presidente da Corporación. Se non existise título inscribible de dominio estarase ao disposto nos artigos 206 da Lei hipotecaria e 303 a 307 do seu Regulamento.

VII.- Conclusións.

Trala cumprimentación do trámite de información pública o que someteuse a rectificación e actualización do Inventario Municipal de Bens e Dereitos, aprobado inicialmente por acordo do Pleno do 25/01/2023, procede resolver sobre as mesmas de acordo cos traballos revisorios acometidos a partir de ditas alegacións presentadas e cuxo resultado reflexase no Documento 1.- ALEGACIONES; como igualmente, as correccións e actualizacións de oficio realizadas neste tempo (Documento 2.- CORRECCIONES E ACTUALIZACIONES), e a relación de fontes municipais, resultado de todo ello unha proposta de aprobación definitiva do Inventario municipal de Bens e Dereitos contida na documentación que figura anexa e comprensiva das fichas cos datos actualizados dos bens e dereitos integrante do patrimonio do Concello, dividido por Epígrafes no Anexo I; a relación das baixas propostas (Anexo II); a planimetría de propiedades e vías (Anexo III), e relación de fontes públicas (Anexo IV), e cuxo resultado, en conxunto, pódese resumir no seguinte cadro:

	BAIXAS	ALTAS	TOTAIS	VALORACIÓN	TOTAIS	CODIFICACIÓN
EPIGRAFE I - INMOBLES	415	3.586	4.561	653.085.689,21 €		1-4981
EPIGRAFE II - DEREITOS REAIS	25	700	700	34.848.816,83 €		1-730
EPIGRAFE III - BENS HISTORICOS		6.780	7.030	20.851.691,82 €		1-8505
EPIGRAFE IV - VALORES MOBILIARIOS	41	238	239	2.122.504,03 €		1-286
EPIGRAFE V - VEHICULOS	35	115	224	4.139.651,22 €		1-273
EPIGRAFE VI - SEMOVIENTES		736	736	166.839,00 €		1-736
EPIGRAFE VII - MOBLES		6.914	6.914	3.103.047,75 €		1-7213
EPIGRAFE VIII - BENS E DEREITOS REVERTIBLES	168	185	222			1-479
TOTAL	684	19.254	20.626	718.318.239,86 €		

Desglose da documentación do IMBD anexa:

• **ANEXO I: BENS E DEREITOS DE ALTA.**

- Epígrafe I-A. Bens inmobles: Libros de bens rexistrados dividido en lotes 1 a 16.
- Epígrafe I-B. Viais: Libros de bens rexistrados dividido en lotes 1 a 6.
- Epígrafe II. Dereitos reais: Libros de dereitos rexistrados dividido en lotes 1 e 2.
- Epígrafe III. Bens móbeis histórico-artísticos ou de considerable valor económico.
- Epígrafe IV. Valores mobiliarios, créditos e dereitos de carácter persoal.
- Epígrafe V. Vehículos: Libro de bens rexistrados .
- Epígrafe VI. Semoventes: Libro de bens rexistrados .
- Epígrafe VII. Bens móbeis: Libro de bens rexistrados .
- Epígrafe VIII. Bens e dereitos revertibles: Libro de bens e dereitos rexistrados .

• **ANEXO II: BAIXAS**

- Epígrafe I-A. Bens inmobles: Libros de bens propostos para baixa recollidos no lote 17.
- Epígrafe I-B. Viais: Listado de baixas propostas.
- Epígrafe II. Dereitos reais: Libro de bens propostos para baixa (Lote 3).
- Epígrafe IV. Valores mobiliarios, créditos e dereitos: Libro de bens propostos para baixa (Lote 2).
- Epígrafe V. Vehículos: Libro de bens propostos para baixa (Lote 2).
- Epígrafe VIII. Bens e dereitos revertibles: Libro de bens propostos para baixa (Lote 2).

• **ANEXO III: FOLLAS CARTOGRÁFICAS**

- Follas cartográficas de Propiedades: Lotes 1 e 2.
- Follas cartográficas de Viais: Lotes 1 a 4

• **ANEXO IV: FONTES PÚBLICAS**

- Epígrafe I-A. Bens inmobles: Fontes Públicas (Lote 18).

VII.- Organo competente.- Corresponde ó Pleno da Corporación, a aprobacion da rectificación e actualización do IMBD, consonte o previsto no art. 34 do RBEL. Unha vez aprobada a rectificación, remitirase copia da mesma a Administración Xeral do Estado e a Comunidade Autónoma. (Art. 32.1 RBEL)

Por todo ello, proponse ó Pleno Municipal, previo informe do Secretario Xeral do Pleno, e ditamen da comisión informativa de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, a adopción do seguinte, ACORDO.../...”

Deseguido os funcionarios informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

DITAME. A Comisión Informativa de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, na súa sesión ordinaria do 21.07.25, ditaminou favorablemente dita proposta.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN:

- Votos a favor: vinte e dous votos (22), dos cales dezasete votos (17) corresponden aos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e mais cinco votos (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- Votos en contra: ningún.
- Abstencións: tres abstencións (3), dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

ACORDO

Con vinte e dous votos (22) a favor, dos membros presentes dos grupos municipais do PSOE (17) e PP (5), e tres (3) abstencións dos membros do grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte, ACORDO:

PRIMEIRO: Resolver as alegacións formuladas á rectificación e actualización do Inventario Municipal de Bens e Dereitos aprobado inicialmente o 25.01.2023, de acordo coas propostas formuladas e argumentación que constan no Documento 1.- ALEGACIÓNS anexo o presente acordo.

SEGUNDO.- Aprobar as correccións de erros e actualizacións do Inventario Municipal de Bens e Dereitos, contidas no Documento 2.- CORRECCIÓNS E ACTUALIZACIÓNS anexo o presente acordo.

TERCEIRO.- Aprobar definitivamente a rectificación e actualización do Inventario Municipal de Bens e Dereitos desta administración, coas altas e baixas dos bens e dereitos reflexadas nos Anexos I, II, III, e IV do presente acordo, xunto coas correspondentes fichas que figuran nestes, e co seguinte resultado por Epígrafes:

	DATOS 2024				CODIFICACIÓN
	BAIXAS	ALTAS	TOTAIS	VALORACIÓNS TOTAIS	
EPIGRAFE I - INMOBLES	415	3.586	4.561	653.085.689,21 €	1-4981
EPIGRAFE II - DEREITOS REAIS	25	700	700	34.848.816,83 €	1-730
EPIGRAFE III - BENS HISTORICOS		6.780	7.030	20.851.691,82 €	1-8505
EPIGRAFE IV - VALORES MOBILIARIOS	41	238	239	2.122.504,03 €	1-286
EPIGRAFE V - VEHICULOS	35	115	224	4.139.651,22 €	1-273
EPIGRAFE VI - SEMOVIENTES		736	736	166.839,00 €	1-736
EPIGRAFE VII - MOBLES		6.914	6.914	3.103.047,75 €	1-7213
EPIGRAFE VIII - BENS E DEREITOS REVERTIBLES	168	185	222		1-479

Documentación do IMBD anexa:

• ANEXO I: BENS E DEREITOS DE ALTA.

- *Epígrafe I-A. Inmóbles: Libros de bens rexistrados (lotes 1 a 16).*
- *Epígrafe I-B. Viais: Libros de bens rexistrados (lotes 1 a 6).*
- *Epígrafe II. Dereitos reais: Libros de dereitos rexistrados (lotes 1 e 2).*
- *Epígrafe III. Móbeis histórico-artísticos ou de considerable valor económico: Libros de bens rexistrados .*
- *Epígrafe IV. Valores mobiliarios, créditos e dereitos persoais.*
- *Epígrafe V. Vehículos: Libros de bens rexistrados.*
- *Epígrafe VI. Semoventes: Libro de bens rexistrados.*
- *Epígrafe VII. Móbeis de considerable valor económico non comprendidos nos epígrafes anteriores. Libros de bens rexistrados*
- *Epígrafe VIII. Bens e dereitos revertibles: Libro de bens rexistrados.*

• ANEXO II: BAIXAS

- *Epígrafe I-A. Bens inmóbles: Libros de baixas (lote 17).*
- *Epígrafe I-B. Viais: Listado de baixas.*
- *Epígrafe II. Dereitos reais: Libro de baixas (Lote 3).*
- *Epígrafe IV. Valores mobiliarios, créditos e dereitos: Libro de baixas (Lote 2).*
- *Epígrafe V. Vehículos: Libro de baixas (Lote 2).*
- *Epígrafe VIII. Bens e dereitos revertibles: Libro de baixas (Lote 2).*

• ANEXO III: FOLLAS CARTOGRÁFICAS.

- *Follas cartográficas de Propiedades: Lotes 1 e 2.*
- *Follas cartográficas de Viais: Lotes 1 a 4.*

•

ANEXO IV: FONTES PÚBLICAS

- *Epígrafe I-A. Bens inmóbles: Fontes Públicas (Lote 18).*

CUARTO.- Proceder á inscrición no Rexistro da Propiedade de todos aqueles bens que non se atopen inscritos.

QUINTO: Ordenar a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no taboleiro de anuncios e páxina web do Concello de Vigo.

SEXTO: Remitir copia da rectificación e actualización do Inventario Municipal de Bens e Dereitos desta administración á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma, procedéndose a publicar a información actualizada relativa o Epígrafe I do IMBD na páxina de transparencia municipal <https://transparencia.vigo.org> os efectos de cumprir coa normativa de aplicación nesta materia.

SÉTIMO: Delegar na Concellería delegada de Patrimonio, ou naquela que asuma as funcións en materia de patrimonio, a actualización, rectificación e a xestión ordinaria do Inventario Municipal de Bens e Dereitos correspondentes o Epígrafe I; a tal efecto acordará, mediante Resolución, as altas e baixas que en calquera momento poidan producirse. Do estado de altas e baixas que resulte en cada ano natural darase conta o Pleno na primeira sesión ordinaria do ano seguinte.

***.- Incidencia.** *En cumprimento de acordo plenario, e a iniciativa da Presidencia, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.*

***.- Incidencia.** *Sendo as 10:25 horas, auséntase do Salón de Plenos o Alcalde Presidente, pasando a presidir a sesión a Primeira Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego. Auséntanse así mesmo o concelleiro do grupo municipal Socialista, o Sr. Aneiros Pereira. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e tres (23) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.*

MOCIÓNS:

6.(111). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A NECESIDADE DE REFORMULAR O NOVO CENTRO INTEGRAL DE SAÚDE OLIMPIA VALENCIA. EXPTE. PLENO 5041/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de xullo de 2025, número 5041/1101, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN

**"SOBRE A NECESIDADE DE REFORMULAR O NOVO CENTRO INTEGRAL DE SAÚDE
OLIMPIA VALENCIA**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Atención Primaria é a columna vertebral do sistema público de saúde. No entanto, a nefasta política sanitaria do Partido Popular desde a Xunta de Galiza ten colocado os centros de saúde da cidade de Vigo nunha situación de enorme precariedade e ao borde do seu propio colapso.

As consecuencias son fatais, tanto para o conxunto da poboación como para o propio persoal sanitario: agarda de varias semanas para obter cita, atrasos de até un mes para probas clínicas como unha análise de sangue, sobrecarga permanente para o persoal médico e sanitario e a falla de continuidade asistencial mesmo en colectivos sensíbeis como a poboación pediátrica ou doentes crónicas.

O colapso dos centros de saúde, motivado fundamentalmente pola falla de persoal, acaba por trasladarse ao Punto de Atención Continuada e tamén ás urxencias hospitalarias, como se está a verificar nas últimas semanas con picos asistenciais de máis de 600 pacientes nas urxencias do Hospital Álvaro Cunqueiro.

Esta situación ten sido reiteradamente denunciada polo propio persoal sanitario e as organizacións sindicais, e ten provocado masivos procesos mobilizadores na nosa cidade urxindo unha rectificación das políticas sanitarias do Goberno galego.

Neste contexto, o anuncio da Xunta sobre a apertura do Centro Integral de Saúde (CIS) "Olimpia Valencia" na rúa Lalín presentouse como unha solución para reforzar a infraestrutura sanitaria e, precisamente, aliviar o colapso da Atención Primaria en Vigo. Porén, a proposta do Goberno galego, liderado polo Partido Popular, non só incumpre as expectativas creadas, senón que supón un retroceso na calidade e accesibilidade dos servizos sanitarios.

Lonxe de ampliar a rede de atención, a apertura do CIS implica, para alén do traslado dos servizos do Centro de Saúde de López Mora (xa previsto desde o inicio e motivado polas súas moi precarias condicións infraestruturais), o peche do Centro de Saúde Nicolás Peña. Un centro ben dimensionado e cun funcionamento adecuado, contradicindo os compromisos adquiridos pola Xunta nos últimos anos e en contra da vontade do propio persoal sanitario e da poboación adscrita.

A reestruturación proposta reduce as dotacións previstas inicialmente no proxecto do CIS, eliminando equipamentos clave como espazos especializados para tratamentos e sistemas avanzados de imaxe médica. Esta redución deixa a Vigo sen a prometida ampliación de capacidade sanitaria, perpetuando o déficit infraestrutural que afecta a cidade. A falta de novos recursos agrava a situación nun contexto de crecente demanda asistencial, comprometendo a capacidade do sistema para atender a poboación de maneira adecuada.

Pero o feito máis grave e preocupante é a ausencia de contratación de novos e novas profesionais para o CIS "Olimpia Valencia", que o Sergas pretende abrir sen dotación de persoal propia. En lugar de reforzar o cadro de persoal con novas contratacións, a Xunta opta por trasladar 105 traballadores e traballadoras doutros centros de saúde da cidade, incluíndo 32 de López Mora e Nicolás Peña, 17 de Pintor Colmeiro, 22 de Coia, 3 de Rúa Cuba, 1 de Rosalía de Castro e 2 de Beiramar. Isto supón, en primeiro lugar que o CIS "Olimpia Valencia" iniciará a súa actividade cun 20% menos do persoal previsto, e suporá debilitar os centros de saúde existentes e compromete a continuidade asistencial, especialmente na atención pediátrica, ao concentrar nun único centro a poboación infantil adscrita na actualidade a varios centros. Unha operativa

que vén de ser denunciada polo propio persoal e a súa representación sindical, como expresou a Comisión de Centro de Atención Primaria da Área Sanitaria de Vigo rexeitando o Plan Funcional proposto para o novo CIS e esixindo a súa rectificación.

O modelo de macrocentros promovido pola Xunta prioriza a centralización de recursos en detrimento dunha rede de Atención Primaria de proximidade, con capacidade de intervención no territorio. Esta estratexia non só limita a atención para familias e a acción comunitaria, senón que tamén reduce a calidade do servizo, ao impedir un seguimento continuado desde a infancia ata a idade adulta, tal e como recomendan os estándares clínicos e a propia Organización Mundial da Saúde.

A falta de diálogo cos e coas profesionais sanitarios, que manifestan un forte rexeitamento a este modelo, evidencia a imposición unilateral desta política desde unha deliberada opacidade por parte do Sergas.

Estamos, pois, diante dun novo ataque directo á Atención Primaria e ao conxunto da Sanidade Pública, que insiste en facer da cidade de Vigo o banco de probas das lesivas políticas sanitarias do Partido Popular, como xa sucedeu coa imposición do modelo recortado e privatizado para o novo hospital Álvaro Cunqueiro, baleirando agora os centros de saúde de proximidade para soste un proxecto insuficiente e mal planificado. Facendo desta maneira que o CIS "Olimpia Valencia", prometido como un reforzo, se acabe por converter nun recorte encuberto e nunha intolerábel estafa á cidadanía de Vigo.

Por todo o anterior, o Bloque Nacionalista Galego propón ao Pleno do Concello de Vigo a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Rexeitar o Plan Funcional do Sergas para o futuro Centro Integral de Saúde "Olimpia Valencia" e esixir á Xunta de Galiza a súa inmediata rectificación, atendendo as demandas do persoal sanitario e da súa representación sindical, e garantindo como mínimo:
 - Mantemento da actividade do Centro de Saúde Nicolás Peña.
 - Aumento da dotación de persoal até alcanzar o 100% da súa capacidade.
 - Dotación propia de persoal, mediante a contratación de novos e novas profesionais e a creación de novas prazas.

- Continuidade da atención pediátrica nos centros de saúde de Coia e Pintor Colmeiro.
- Incorporación de espazos e sistemas de imaxe médica.

2. Demandar do Goberno galego que adopte todas as medidas necesarias para reforzar co persoal e medios necesarios o conxunto do centros de saúde da cidade de Vigo.”

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 24 de xullo de 2025, o voceiro do grupo municipal do Partido Socialista, Sr. López Font, formula emenda de engádegas cuxo texto consta no expediente electrónico número 5052/1101 e que se transcribe a continuación:

“Emenda de engádegas á Moción Expt. 5041/1101 do BNG do punto 6 do Orde do día do Pleno do 28 de xullo 2025.

- Rexeitar de forma explícita que o centro de Saúde Olimpia Valencia se nutra de persoal que traballa noutros centros de saúde de Vigo.
- Que o novo centro de saúde Olimpia Valencia non concentre servizos de Pediatría de ningún outro centro de saúde de Vigo.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, poñente da moción, acepta a emenda formulada polo voceiro do grupo municipal do PSOE.

VOTACIÓN EMENDA:

- Votos a favor: dezoito votos (18), dos cales quince votos (15) corresponden aos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e mais tres votos (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
- Votos en contra: ningún.
- Abstencións: cinco (5), dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

ACORDO

Con dezoito votos (18) a favor, dos membros presentes dos grupos municipais do PSOE (15) e BNG (3), e cinco (5) abstencións, dos concelleiros do grupo municipal do PP, o Pleno da Corporación aproba a emenda presentada no Rexistro do Pleno, nº 5052/1101, con data de entrada o 24 de xullo de 2025, polo voceiro do grupo municipal do Partido Socialista.

VOTACIÓN ASUNTO ENMENDADO:

- Votos a favor: dezoito votos (18), dos cales quince votos (15) corresponden aos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e mais tres votos (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
- Votos en contra: ningún.
- Abstencións: cinco (5), dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

ACORDO

Con dezoito votos (18) a favor, dos membros presentes dos grupos municipais do PSOE (15) e BNG (3), e cinco (5) abstencións dos membros do grupo municipal do PP, o Pleno da Corporación adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.07.2025 (Rex. Nº 5041/1101), polo voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, "Sobre a necesidade de reformular o novo centro integral de Saúde Olimpia Valencia", coa emenda presentada, en data 24.07.2025 (Rex. Nº 5052/1101), polo voceiro do grupo municipal do PSOE, Sr. López Font, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

7.(112). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE INSTANDO Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL A INVERSIÓN NA REHABILITACIÓN E MODERNIZACIÓN DOS COLEXIOS PÚBLICOS VIGUESES. EXPTE. PLENO 5042/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de xullo de 2025, número 5042/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, formula a seguinte,

MOCIÓN

"O tomo dous do Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica da Xunta de Galicia está adicado á **rehabilitación** e reúne as diferentes actuacións de mellora e adecuación que precisan os centros escolares xa construídos.

Os centros públicos vigueses precisan inversións, inversións reais e inmediatas, que posibiliten esa mellora, adaptación e modernización.

Inversións nos cambios das cubertas.

Inversións nos cambios das fiestras.

Inversións nos cambios das calefaccións.

Inversións nos cambios dos falsos teitos.

Inversións en novos patios cubertos.

Inversións en pistas deportivas escolares.

Inversións nos espazos exteriores dos centros.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte

ACORDO

Esixirlle á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a inversión de 36 millóns de euros na rehabilitación e modernización dos seguintes colexios públicos vigueses :

- Cambio urxente de cubertas
 - CEIP Coutada Beade
 - CEIP Illas Cíes
- Cambio paulatino de todas as cubertas de fibrocemento dos colexios vigueses.
- Cambio das antigas xanelas en todos os centros que o precisen.
- Construción de patios cubertos:
 - CEIP Josefa Alonso
 - CEIP Fonteescura
 - CEIP Valle Inclán
 - CEIP Otero Pedraio
 - CEIP Saladino Cortizo
 - CEIP Mentres Goldar
 - CEIP Escultor Acuña
 - CEIP Seis do Nadal
 - CEIP Santa Tegra
 - CEIP Paraixal
 - CEIP Carrasqueira
 - CEIP San Salvador
 - CEIP Dr. Fleming
- Arreglo estrutural do CEIP Otero Pedraio.
- Muro y patio posterior no CEIP Mosteiro-Bembrive.
- Derribo antigas vivendas maestros:
 - CEIP Sello-Cabral
 - CEIP Caunicova
- Arreglo pista e gradas do CEIP Pintor Laxeiro.
- Construcións de novos pavillóns deportivos nos centros escolares e abertos ao barrio: onde sexa posible ou non existan.
- E para todos os centros:
 - Cambio falsos teitos orixinais.
 - Cambios sistemas de calefaccións obsoletos.

- Renovación das canalizacións tanto de auga como de saneamento.
- Eliminación de barreiras arquitectónicas e mellora de accesibilidade e seguridade.
- Renovación de instalacións eléctricas.
- Xoguetes e actividades para o exterior en todos os centros.
- Arreglo pistas polideportivas.
- Cambios baños de todos os centros que non cambiase o Concello.”

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN ASUNTO:

- Votos a favor: dezoito votos (18), dos cales quince votos (15) corresponden aos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e mais tres votos (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
- Votos en contra: cinco votos (5), dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- Abstencións: ningunha.

ACORDO

Con dezoito votos (18) a favor, dos membros presentes dos grupos municipais do PSOE (15) e BNG (3), e cinco votos (5) en contra dos membros do grupo municipal do PP, e ningunha abstención, o Pleno da Corporación adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.07.2025 (Rex. Nº 5042/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, *“Instando á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional a inversión na rehabilitación e modernización dos Colexios Públicos Vigueses”*, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

***.- Incidencia.** Sendo as 11:03 horas, antes do inicio do debate do punto seis da orde do día, auséntase do Salón de Plenos a Primeira Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego, pasando a presidir a sesión o Segundo Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira. Continúa a sesión co debate dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e dous (22) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

***.- Incidencia.** Sendo as 11:20 horas, durante o debate do punto seis da orde do día e co permiso da Presidencia, incorporase ao transcurso da sesión o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Estévez Rodríguez. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e tres (23) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

8.(113). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A CONSULTAR DE FORMA DIRECTA E INDIVIDUALIZADA CO CONCE-

LLO DE VIGO ANTES DE APLICAR CALQUERA MEDIDA RELACIONADA COA ORDENACIÓN DO LITORAL. EXPTE. PLENO 5043/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de xullo de 2025, número 5043/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Rodríguez Rodríguez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O pasado 1 de xullo de 2025, a Xunta de Galicia asumiu as competencias plenas en materia de ordenación e xestión do litoral. Este traspaso, de gran relevancia institucional, debe ir acompañado dun modelo de gobernanza que recoñeza a diversidade territorial e a experiencia acumulada polos concellos galegos.

No caso de Vigo, contamos cun **Plan Estratéxico do Litoral** que contempla:

- A integración porto-cidade.
- A protección ambiental e paisaxística.
- A promoción do turismo sostible e das actividades náuticas.
- A ordenación racional dos usos costeiros.

Ademais, o Goberno local impulsou proxectos como:

- As Sendas polo litoral e o transcurso do Lagares.
- As humanizacións.
- A **ampliación do servizo de salvamento en 13 praias.**
- A **recuperación ambiental de espazos costeiros degradados.**

Todo isto forma parte dunha visión máis ampla: o proxecto **Abrir Vigo ao Mar**, que busca eliminar barreiras urbanas, recuperar espazos públicos fronte ao mar e revitalizar a fachada marítima da cidade de Vigo en concordancia coa súa alma mariñeira, pero aínda existen obstáculos físicos e administrativos que impiden unha relación plena coa súa ría. A creación de prazas públicas marítimas ou a recuperación de espazos urbanos para uso cidadán e turístico.

A imposición de criterios uniformes por parte da Xunta, sen diálogo previo cos concellos, **pode comprometer a coherencia dos plans locais**, especialmente nunha cidade como Vigo, cun litoral intensamente urbanizado e con múltiples usos consolidados.

A maiores, a Xunta anunciou novos estándares para a ocupación temporal do dominio público marítimo-terrestre, como o modelo de “chiringuito” biosostible. Esta medida, sen estudo de impacto económico nin consulta aos operadores locais, **pode supoñer un custo inasumible para persoas autónomas e pequenas empresas**, afectando a continuidade de servizos xa contratados e xerando inseguridade xurídica.

Por outra banda, a Xunta dispón de partidas orzamentarias para a xestión do litoral, pero **non se especifica un criterio claro de distribución territorial**. Vigo, como cidade con máis de 290.000 habitantes e unha intensa actividade costeira, **debe reci-**

bir recursos proporcionais á súa poboación e ao uso do seu litoral, para garantir unha xestión eficaz e equitativa.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes

ACORDOS

- Instar á Xunta de Galicia a **consultar de forma directa e individualizada co Concello de Vigo** antes de aplicar calquera medida relacionada coa ordenación do litoral da nosa cidade.
- Solicitar que o futuro **Foro do Litoral** inclúa **mesas técnicas locais** onde os concellos poidan participar activamente na toma de decisións.
- Reclamar á Xunta que **respecte os plans estratéxicos municipais xa aprobados**, garantindo a compatibilidade normativa e a flexibilidade na aplicación dos novos estándares.
- Demandar que se realice un **estudo de impacto económico** sobre as novas esixencias para instalacións temporais, especialmente no que atinxe aos “chiriguitos” e servizos de praia.
- Instar á Xunta a **ter en conta todas as propostas de mellora do litoral vigués presentadas polo Goberno local**, incluíndo proxectos de mobilidade, seguridade, recuperación ambiental e promoción turística.
- Esixir que as **partidas orzamentarias destinadas á xestión do litoral sexan distribuídas segundo criterios obxectivos de poboación e intensidade de uso**, garantindo que Vigo reciba os recursos que lle corresponden pola súa dimensión e complexidade costeira.
- Reivindicar o proxecto **Abrir Vigo ao Mar** como símbolo da vontade da cidade de recuperar o seu vínculo co mar, e instar á Xunta a colaborar activamente na súa planificación, financiamento e execución.
- Expresar a disposición do Concello de Vigo a colaborar coa Xunta na construción dun modelo de xestión litoral sostible, participativo e adaptado á realidade local.”

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 23 de xullo de 2025, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda de substitución cuxo texto consta no expediente electrónico número 5048/1101.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

A concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Rodríguez Rodríguez, poñente da moción, non acepta a emenda formulada polo voceiro do grupo municipal do BNG .

VOTACIÓN ASUNTO:

- Votos a favor: quince votos (15), dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia.
- Votos en contra: oito votos (8), dos cales cinco votos (5) corresponden aos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, e mais tres votos (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
- Abstencións: ningunha.

ACORDO:

Con quince votos (15) a favor, dos membros presentes do grupo municipal do PSOE, oito votos (8) en contra dos membros dos grupos municipais do PP (5) e BNG (3), e ningunha abstención, o Pleno da Corporación adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.07.2025 (Rex. Nº 5043/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Rodríguez Rodríguez, *"Instando á Xunta de Galicia a consultar de forma directa e individualizada co concello de Vigo antes de aplicar calquera medida relacionada coa ordenación do litoral"*, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

9.(114). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE INSTANDO A XUNTA DE GALICIA A APROBACIÓN DE DIFERENTES MEDIDAS RELACIONADAS COA ATENCIÓN PRIMARIA. EXPTE. 5044/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de xullo de 2025, número 5044/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, formula a seguinte,

MOCIÓN

"Actualmente estamos ante unha crise sen precedentes na Atención Primaria. A súa capilaridade e presenza en toda a cidade de Vigo, converte á Primaria na rede máis habitual e de maior contacto coa persoa usuaria. Tamén aquela que máis problemas de saúde resolve. A Atención Primaria, non en tanto, sufriu unha gran minusvaloración, sendo considerada por parte do goberno de Galicia un elemento menor do sistema.

O fabuloso traballo dos/as profesionais sanitarios e o seu desmedido esforzo, que durante a pandemia foi unha táboa de salvación para a cidadanía, non está sendo valorado e comprendido pola Xunta de Galicia.

A situación da Atención Primaria en Galicia está a mostrarse como unha fonte de preocupación da cidadanía ao comprobar como un elemento fundamental do noso sistema de benestar, como é o sistema sanitario público, está a evidenciar debilidades provocadas por unha xestión errática e de desatención da Xunta de Galicia.

Existen alternativas. A reforma do modelo de Atención Primaria é necesario, pero a nula intención de reformular este modelo asistencial que amosa o actual goberno autonómico leva á perda de capacidade dos centros de saúde, e isto deriva en centros

que non poden exercer as súas labores, e en demoras grandes para citas en atención primaria que non eran concibibles hai poucos anos.

Recentemente foi proposto no Parlamento de Galicia unha modificación legal orientada á mellora da atención primaria, que aumentaba dereitos para pacientes definindo un tempo máximo de espera en 48h para unha atención sanitaria. A proposta legal referida foi rexeitada cos votos en contra do Partido Popular e a desatención por parte da Xunta de Galicia.

E por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación os seguintes:

ACORDOS:

- Instar ao Goberno na Xunta de Galicia a aprobar unha modificación legal que garanta a atención en 48h por un profesional sanitario na Atención Primaria a través do recoñecemento deste dereito na Lei de Garantías Sanitarias, ao igual que se pretende nesa lei para outros procesos asistenciais.
- Instar ao Goberno na Xunta de Galicia a considerar aos centros que non cumplan co límite de atención en 48h como centros prioritarios de reforzo de persoal.
- Instar ao Goberno na Xunta de Galicia a recuperar as xerencias de atención primaria eliminadas na reforma de 2012, con capacidade de decisión e orzamento específico para a mellora das unidades de primaria en todo o área sanitaria.
- Reclamar do goberno de Galicia unha implicación decidida en dotar de verdadeira relevancia á atención primaria, mellorando as condicións laborais dos profesionais deste nivel asistencial.
- Instar ao Goberno na Xunta de Galicia a dotar aos equipos de atención primaria de persoal suficiente de diversas categorías que amplíe as posibilidades asistenciais para a cidadanía.
- Instar ao Goberno na Xunta de Galicia a facer un esforzo extraordinario na dotación de recursos para a cobertura de prazas denominadas de "difícil cobertura" a imaxe doutras CCAA, con incrementos salariais, bonificación en posteriores procesos administrativos, habilitación de posibilidades extraordinarias de formación e investigación e outras melloras nas condicións laborais."

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN ASUNTO:

- Votos a favor: dezaioito votos (18), dos cales quince votos (15) corresponden aos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e mais tres votos (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

- Votos en contra: cinco votos (5), dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- Abstencións: ningunha.

ACORDO

Con dezaioito votos (18) a favor, dos membros presentes dos grupos municipais do PSOE (15) e BNG (3), e cinco votos (5) en contra dos membros do grupo municipal do PP, e ningunha abstención, o Pleno da Corporación adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.07.2025 (Rex. Nº 5044/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, *"Instando á Xunta de Galicia a aprobación de diferentes medidas relacionadas coa atención primaria"*, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

10.(115). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE SOLICITANDO Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN A DOTACIÓN DO PROFESORADO NECESARIO NOS CENTROS EDUCATIVOS VIGUESES. EXPTE. 5045/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de xullo de 2025, número 5045/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, formula a seguinte,

MOCIÓN

"A Lei Orgánica 2/2006 de Educación (LOE) modificada pola Lei Orgánica 3/2020 (LOMLOE) define que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo é aquel que presenta:

- Necesidades educativas especiais (que se refire a aqueles alumnos e alumnas con discapacidade ou trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe)
- Atraso madurativo
- Trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación
- Trastornos de atención ou de aprendizaxe
- Descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe
- Situación de vulnerabilidade socioeducativa
- Altas capacidades intelectuais
- Incorporación tardía ao sistema educativo
- Condicións persoais ou de historia escolar

A atención á diversidade establécese na LOE modificada pola LOMLOE como principio fundamental que debe rexer todo o ensino básico, co obxectivo de proporcionar a todo o alumnado unha educación adecuada ás súas características e necesidades.

A correcta resposta educativa a todos os alumnos concíbese a partir do principio de inclusión, entendendo que unicamente dese modo garántese o desenvolvemento de todos, favorécese a equidade e contribúese a unha maior cohesión social. A atención á diversidade é unha necesidade que abarca a todas as etapas educativas e a todo o

alumnado. É dicir, trátase de contemplar a diversidade das alumnas e alumnos como principio e non como unha medida que corresponde ás necesidades duns poucos.

As Administracións educativas deben dispoñer os medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral na lei vixente.

Pero a Xunta de Galicia obvia este principio, e por eso se producen situacións como as acontecidas no IES VALADARES, en Vigo, onde dimitiu todo o equipo directivo.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes

ACORDOS

- Rexeitar os recortes docentes en todos os niveis educativos.
- Solicitar á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional a dotación do profesorado necesario no IES VALADARES e en todos aqueles centros educativos vigueses que así o precisen."

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN ASUNTO:

- Votos a favor: dezoito votos (18), dos cales quince votos (15) corresponden aos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e mais tres votos (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
- Votos en contra: cinco votos (5), dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- Abstencións: ningunha.

ACORDO

Con dezoito votos (18) a favor, dos membros presentes dos grupos municipais do PSOE (15) e BNG (3), e cinco votos (5) en contra dos membros do grupo municipal do PP, e ningunha abstención, o Pleno da Corporación adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.07.2025 (Rex. Nº 5045/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, "*Solicitando á Consellería de Educación a dotación do profesorado necesario nos centros educativos vigueses*", cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

PARTE DE CONTROL

MOCIÓNS.

11.(116). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE O VETO DO CONCELLO ÁS ATRACCIÓNS DE FEIRA NAS FESTAS POPULARES DE VIGO. EXPTE. 5046/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de xullo de 2025, número 5046/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, formula a seguinte,

MOCIÓN

"As festas populares de Vigo están a vivir un verán de incerteza diante da decisión do goberno municipal de vetar a presenza das atraccións de feira amparándose no suposto incumprimento dos requisitos fixados na normativa vixente. Así ven de acontecer, entre outras, nas dúas principais celebracións da nosa cidade: as Festas na honra da Virxe da Consolación, en Coia, e as Festas na honra do Santísimo Cristo do Aflixidos, en Bouzas, que aínda por riba recibiron a autorización municipal para súa celebración apenas unhas horas antes do seu comezo.

Unha circunstancia que contrasta coa práctica totalidade do resto de municipios galegos, incluídas as grandes cidades, onde non está a haber problemas á hora de aplicar a lei 10/2017 de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, e o decreto posterior que a desenvolve.

E tamén co acontecido todos estes anos pasados na nosa cidade, incluíndo as festas de Nadal, onde as atraccións foron autorizadas coa mesma documentación coa que agora se teñen denegado, a pesares de que a lexislación vixente neste tempo é a mesma e non ten mudado.

Xa que logo, todo indica que a decisión de non permitir a instalación dos aparatos mecánicos non se corresponde cunha decisión técnica senón política, consecuencia do fatídico e trágico accidente mortal acontecido o ano pasado na atracción do 'Saltamontes' nas festas de Matamá. Atracción que non estaba autorizada polo Concello conforme á lei pero que o goberno municipal non ordenou precintar incumprindo, por omisión, a súa obriga como administración. Como tampouco cumpriu coa súa obriga de supervisar a montaxe e instalación das atraccións que si estaban autorizadas.

A seguridade sempre por cima de todo e sempre como máxima prioridade, por suposto tamén nas festas parroquiais e de barrio. E non hai maior garantía diso, aínda que o risco cero non exista e teñamos que convivir con el, que o estrito, que non arbitrario, cumprimento da lei en vigor. Antes, agora e sempre.

Neste senso, compre sinalar que este Concello aínda non ten adaptada a súa normativa de tramitación de licenzas respecto da devandita lei 10/2017 de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia. De feito, a pretensión deste goberno era sometela a aprobación definitiva do Pleno da corporación o pasado mes de maio, tal e como figura no Plan Normativo deste 2025. Pero a realidade é que dous meses despois aínda non superou ningún dos trámites previstos e nada sabemos dela.

Toda esta situación está por en serio risco a continuidade futura das festas patronais e populares de Vigo, que están a sufrir un importante baixón de afluencia de público, por debaixo do cincuenta por cento respecto doutros anos.

Existen, xa que logo, claras responsabilidades políticas ao respecto do que está a acontecer. Responsabilidades dun Goberno municipal que se ten negado a comparecer publicamente para dar as explicacións oportunas e que, incluso, no pasado pleno correspondente ao mes de xuño, votou en contra da urxencia dunha moción que o grupo municipal do Partido Popular de Vigo levabamos precisamente para poder debater sobre isto.

E por iso que diante da falta de vontade política deste Goberno de Abel Caballero demandamos do pleno da corporación de Vigo na vindeira sesión ordinaria correspondente ao mes de xullo, a celebrar o vindeiro luns 28, os seguintes:

ACORDOS:

1.- Demandar do Concello de Vigo o estrito cumprimento da Lei 10/2017 de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia e do decreto 26/2022, tal e como están a facer a inmensa maioría de concellos galegos.

2.- Demandar do Concello de Vigo que faga compatibles a seguridade das persoas, o cumprimento da lei e o acceso ao ocio nas festas populares como están a facer o resto de concellos de Galicia.

3.- Demandar do Concello de Vigo que conteste en tempo e forma ás solicitudes presentadas polos empresarios feirantes para poder instalar ou non as súas atraccións nas distintas festas parroquiais da nosa cidade, así como as comisións de festas.

4.- Demandar o cese inmediato da concelleira responsable da área de festas e seguridade, Dona Patricia Rodríguez Calviño, diante do xeito de proceder do seu departamento neste asunto, vetando a presenza das atraccións de feira de xeito arbitrario. O que está a por en serio risco a propia continuidade futura das festas populares e patronais da nosa cidade.

5.- Reprobar a actitude deste goberno, e nomeadamente do seu alcalde, Don Abel Caballero Álvarez, pola súa negativa a comparecer e debater e sobre o que está a acontecer coas atraccións de feira e as propias festas populares e patronais de Vigo."

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 23 de xullo de 2025, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda de substitución cuxo texto consta no expediente electrónico número 5049/1101.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

O voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, poñente da moción, non acepta a emenda formulada polo voceiro do grupo municipal do BNG.

VOTACIÓN ASUNTO:

- Votos a favor: cinco votos (5), dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- Votos en contra: quince votos (15), dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia.
- Abstencións: tres abstencións (3), dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

ACORDO:

Con cinco votos (5) a favor, dos membros do grupo municipal do PP, quince votos (15) en contra dos membros presentes do grupo municipal do PSOE e tres abstencións (3), do grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación adopta o seguinte acordo:

Rexeitar a Moción presentada, en data 22.07.2025 (Rex. Nº 5046/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, *"Sobre o veto do Concello ás atraccións de feira nas festas populares de Vigo"*, e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

RESOLUCIÓN.

12.(117). DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 9 DE XULLO DO 2025, SOBRE DELEGACIÓNES ESPECIAIS EN CONCELLEIROS/AS. EXPTE. 1134/1102 (EXPTE. PLENO 5027/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta da Resolución, de data 09.07.25, que di o que segue,

"Por Resolución da Alcaldía de data 19 e 29 de xuño de 2023 e posterior modificación de data 28 de xuño de 2024 determinouse a estrutura da administración do Concello de Vigo: delegación de competencias para o período 2023-2027. Conforme dita Resolución atribuíuse ao Segundo Tenente de Alcalde e concelleiro de Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes en materia de fomento as competencias municipais relativas a planificación e execución de infraestruturas urbanas.

O Consello da Xunta de Galicia 23 de febreiro de 2012 prestou aprobación ao Plan sectorial de ordenación territorial del Campus Científico-Tecnológico do Mar nos terreos da ETEA en Vigo.

Posteriormente o Consello da Xunta de Galicia en data de 11 de febreiro de 2021 prestou aprobación ao Proxecto sectorial PS-1 nomeado como "área de vías, espazos libres e infraestruturas" cunha superficie de 20.029 m² que inclúe o vial vertebrador desde o acceso ao recinto da ETEA a través da avenida da Marina Española e finaliza dando acceso á Praza de Armas e ao mar.

Por resolución de la Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de data 14 de setembro de 2023 prestouse aprobación definitiva ao Proxecto de Urbanización do citado Proyecto Sectorial PS-1.

En abril deste ano en curso a Zona Franca remite proposta de convenio entre o Concello de Vigo, Zona Franca e Xunta de Galicia para o desenvolvemento e execución da urbanización da PS-1 e dun aparcadoiro soterrado, dentro do campus científico tecnolóxico do mar, nos terreos da antiga ETEA.

O interese xeral do convenio para o desenvolvemento das infraestruturas ligadas ao Proxecto Sectorial PS-1 que desenvolve o Plan sectorial de ordenación territorial del Campus Científico-Tecnolóxico do Mar nos terreos da ETEA en Vigo aconsella a realización dunha delegación especial de conformidade co sinalado no artigo 43.5.a) do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento, e Réxime Xurídico das Entidades Locais, esta Alcaldía-Presidencia, en exercicio da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais segundo o artigo 124.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVE**

PRIMEIRO.- Delegar no Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado de Fomento, Servizos e Deportes, F. Javier Pardo Espiñeira todas as atribucións precisas para a dirección política, xestión, coordinación, tramitación, execución e seguimento da totalidade das actuacións municipais necesarias para a formalización e posterior cumprimento do convenio para o desenvolvemento e execución da urbanización da PS-1 e dun aparcadoiro soterrado, dentro do campus científico tecnolóxico do mar, nos terreos da antiga Etea.

SEGUNDO.- A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986 e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, así como na rede Intranet ao obxecto do seu coñecemento polas distintas dependencias e unidades administrativas

TERCEIRO.- Notificar ao Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro delegado de Área de Goberno de Fomento e Servizos.

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da Corporación para o seu coñecemento.”

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación da Resolución, de data 09.07.25, sobre delegacións especiais en concelleiros/as. O Pleno toma coñecemento do mesmo.

13.(118). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS ENTRE O 19/06/25 E O 16/07/25, INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE PLENO 5035/1101.

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 19/06/25 e o 16/07/25, incluídas no expediente 5035/1101.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

14.(119). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS, DITADAS ENTRE O 19/06/25 E O 16/07/25 , INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE PLENO 5036/1101.

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados ditadas entre o 19/06/25 e o 16/07/25, incluídas no expediente 5036/1101.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

15. FORMULACIÓN DE ROGOS.

15.1(120). Rogo formulado pola concelleira do BNG, Sra. Matínez Piñeiro. «Que se designe a Porta do Sol como “Lugar de Memoria”, instalando soportes explicativos, para denunciar o brutal inicio do xenocidio franquista na cidade nos sucesos do 20 de xullo de 1936 nesa praza, que provocaron a morte a máis dunha vintena de persoas e deixaron máis de medio cento de feridas, e en recoñecemento de todas as vítimas do golpe militar e da ditadura».

15.2(121). Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. «Que o goberno local revise o arborado de Samil logo que o pasado xoves unha pola caeu sobre varios bañistas causando feridas a algunhas persoas, estando unha delas en estado grave e logo de que, dende o mes abril se houbesen presentado varias queixas veciñais».

16. FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

16.1.(122). Pregunta formulada polo concelleiro do BNG, Sr. Abalde Comesaña. «¿Cando vai proceder o Goberno municipal a devolver as cotas cobradas ás persoas usuarias dos ximnasios municipais do Carme, Berbés e Samil, dado que, pola nefasta xestión da concellaría de Deportes, as mesmas continúan sen funcionar de maneira adecuada e continuada?».

16.2.(123). Pregunta formulada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. «Logo do incendio de 2023 no punto limpo do Caramuxo ¿adoptou este goberno algún tipo de medidas da man da empresa xestora para evitar que sucesos como ese se volveran repetir nesa nave, como veu de suceder onte mesmo?».

Asunto : Pleno ordinario 28 de xullo
Legislatura: Mandato 2023-2027
Órgano : Pleno
Fecha Inici: Lunes, 28 de Julio de 2025 09:03:49
Fecha Fin : Lunes, 28 de Julio de 2025 12:25:11
Duración : 03:21:22

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3578

- Media (MASTER)

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 2.6 GiB
Url - <https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/LDcBYWb3XSQKqcg5hRNNm9LX-h0Pq1WWAvGMjtFcQGpmxVI5.wmv>
SHA512 - 0628ff475a869afec3b45dbf5796dd7dc9b2c0d14d344fcd617c60d4b02f63013056a201485a780b825ec8230db7cca90d682d9e95d5bb67354587c245b37607

- Media (PROXYS)

[1] Video H264, 480p, Stereo, 1.1 GiB
Url - <https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/W5oCUAhxITrWqLJENLAiaDUUy73uWSB-sl2yWqbDpA5zEV13b.mp4>
SHA512 - 845bba14ddf3a31b814016e79fb5c342ce74b217f278bcd51e91ba13dbe30007275c2d136535282b6a54ea3e294075f1f9f7c06b89c665572665b12fab4153c

- Minutaje

00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Interventor; Secretario; Silva Rego, Carmen; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Aguiar Castro, Yolanda; Rivas González, Angel; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Estévez Rodríguez, Pablo; Lago Barreiro, M.^a del Carmen; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Calviño, Patricia; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María; Fernández Pérez, Jose Mamuel; Iglesias López, Patricia; Martín Peña, José Miguel; Sanchez Mendez, Luisa María; Gonzalez Abeijón, Fernando; García González, Patricia; Benavides Alonso, Daniel; Abalde Comesaña, Filipe; Martínez Piñeiro, Ana; Pérez Iglesias, Xabier.

00:00:42 - Caballero Álvarez, Abel

00:01:19 : 1. Actas anteriores: Ordinaria del 30 de xuño do 2025.
00:01:29 - Pérez Iglesias, Xabier
00:01:58 - Caballero Álvarez, Abel

00:02:16 : 2. Dar conta do Estado de execución do estado de gastos e ingresos do orzamento correspondente ao segundo trimestre do 2025, así como do movemento de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias. Expediente 350/143. (Expte. Pleno 5028/1101).
00:02:35 - Aneiros Pereira, Jaime
00:07:31 - Caballero Álvarez, Abel
00:07:37 - Pérez Iglesias, Xabier
00:12:39 - Caballero Álvarez, Abel
00:12:47 - García González, Patricia

00:17:25 - Caballero Álvarez, Abel
 00:17:31 - Aneiros Pereira, Jaime
 00:20:38 - Caballero Álvarez, Abel

 00:20:44 : 3. Dar conta do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigacións previstas nas leis, correspondente ao 2º trimestre do 2025. Expte. 29678/541. (Expte. Pleno 5029/1101).
 00:20:56 - Aneiros Pereira, Jaime
 00:25:30 - Caballero Álvarez, Abel
 00:25:34 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:30:37 - Caballero Álvarez, Abel
 00:30:49 - García González, Patricia
 00:35:44 - Caballero Álvarez, Abel
 00:35:49 - Aneiros Pereira, Jaime
 00:38:55 - Caballero Álvarez, Abel

 00:39:04 : 4. Determinación da forma de xestión do servizo público de transporte urbano colectivo de viaxeiros. Expediente 5137/449. (Expte. Pleno 5030/1101).
 00:39:15 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:44:25 - Caballero Álvarez, Abel
 00:44:31 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:49:47 - Martín Peña, José Miguel
 00:54:29 - Caballero Álvarez, Abel
 00:54:36 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:57:56 - Caballero Álvarez, Abel
 00:58:07 - Votación [10:01:56]
 00:58:56 - Votación [10:02:45]

 00:59:25 : 5. Aprobación da rectificación e actualización do Inventario Municipal de Bens e Dereitos do Concello de Vigo. Expediente 21067/240. (Expt. Pleno 5012/1101).
 00:59:49 - Mejías Sacaluga, Ana María
 01:04:48 - Caballero Álvarez, Abel
 01:04:56 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:05:08 - Caballero Álvarez, Abel
 01:05:31 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:05:38 - Caballero Álvarez, Abel
 01:06:08 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:09:52 - Caballero Álvarez, Abel
 01:10:18 - Sanchez Mendez, Luisa María
 01:15:20 - Mejías Sacaluga, Ana María
 01:18:31 - Caballero Álvarez, Abel
 01:18:38 - Votación [10:22:27]
 01:19:11 - -Minuto de silencio en memoria das vítimas de violencia machista-

 01:20:33 : 6. Moción do grupo municipal do BNG sobre a necesidade de reformular o novo centro integral de saúde Olimpia Valencia. Expte. Pleno 5041/1101.
 01:20:38 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:25:40 - Silva Rego, Carmen
 01:25:46 - Gonzalez Abeijón, Fernando
 01:29:39 - Silva Rego, Carmen
 01:29:43 - Espinosa Mangana, Elena
 01:34:30 - Silva Rego, Carmen
 01:34:35 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:37:49 - Silva Rego, Carmen
 01:37:58 - Votación [10:41:47]
 01:39:07 - Votación [10:42:56]

 01:39:29 : 7. Moción do grupo municipal do PSOE instando á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional a

inversión na rehabilitación e modernización dos colexios públicos vigueses. Expte. Pleno 5042/1101.

01:39:54 - Espinosa Mangana, Elena
01:44:54 - Silva Rego, Carmen
01:45:02 - Abalde Comesaña, Filipe
01:49:46 - Silva Rego, Carmen
01:49:49 - Benavides Alonso, Daniel
01:54:51 - Silva Rego, Carmen
01:55:02 - Espinosa Mangana, Elena
01:58:11 - Silva Rego, Carmen
01:58:16 - Votación [11:02:05]

01:58:40 : 8. Moción do grupo municipal do PSOE instando á Xunta de Galicia a consultar de forma directa e individualizada co Concello de Vigo antes de aplicar calquera medida relacionada coa ordenación do litoral. Expte. Pleno 5043/1101.

01:58:59 - Rodríguez Rodríguez, Nuria
02:04:06 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
02:04:13 - Martínez Piñeiro, Ana
02:09:07 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
02:09:15 - Sanchez Mendez, Luisa María
02:14:15 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
02:14:19 - Alonso Suarez, María Olga
02:17:29 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
02:17:51 - Votación [11:21:41]

02:18:28 : 9. Moción do grupo municipal do PSOE instando a Xunta de Galicia a aprobación de diferentes medidas relacionadas coa atención primaria. Expte. 5044/1101.

02:18:43 - Espinosa Mangana, Elena
02:23:45 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
02:23:52 - Martínez Piñeiro, Ana
02:28:44 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
02:28:52 - Gonzalez Abeijón, Fernando
02:33:52 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
02:34:03 - Espinosa Mangana, Elena
02:37:02 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
02:37:16 - Votación [11:41:05]

02:37:44 : 10. Moción do grupo municipal do PSOE solicitando á Consellería de Educación a dotación do profesorado necesario nos centros educativos vigueses. Expte. 5045/1101.

02:38:00 - Espinosa Mangana, Elena
02:42:50 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
02:42:56 - Abalde Comesaña, Filipe
02:47:57 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
02:48:16 - Benavides Alonso, Daniel
02:53:22 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
02:53:40 - Espinosa Mangana, Elena
02:56:47 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
02:57:00 - Votación [12:00:49]

02:57:24 : 11. Moción do grupo municipal do Partido Popular sobre o veto do Concello ás atraccións de feira nas festas populares de Vigo. Expte. 5046/1101.

02:57:36 - Martín Peña, José Miguel
03:02:42 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
03:02:51 - Pérez Iglesias, Xabier
03:07:44 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
03:07:49 - López Font, Carlos
03:13:03 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
03:13:16 - Martín Peña, José Miguel
03:16:21 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
03:17:26 - Votación [12:21:16]

03:17:53 : 12. Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 9 de xullo do 2025, sobre delegacións especiais en concelleiros/as. Expte. 1134/1102 (Expte. Pleno 5027/1101).

03:18:08 : 13. Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o 19/06/25 e o 16/07/25, incluídas no expediente Pleno 5035/1101.

03:18:22 : 14. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 19/06/25 e o 16/07/25 , incluídas no expediente Pleno 5036/1101.

03:18:35 : 15. Formulación de rogos.

03:18:39 - Martínez Piñeiro, Ana

03:19:06 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier

03:19:11 - Martín Peña, José Miguel

03:19:34 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier

03:19:37 : 16. Formulación de preguntas.

03:19:40 - Abalde Comesaña, Filipe

03:20:03 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier

03:20:09 - Martín Peña, José Miguel

03:20:29 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier

03:20:50 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier

03:21:22 : [FIN]

-- 0 --

Sen máis asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión ás doce horas e vinte e tres minutos (12:23) redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 27.01.2021, e co establecido no artigo 3 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, a presente Acta, identificada co nº 13/2025, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2025.

SC

A PRESIDENCIA

Francisco Javier Pardo Espiñeira
M^a Carmen Silva Rego
Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO

Jose Villán Fuertes